

NOVAS TURONIO

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 18 | Xuño de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

Programa do Corpus
Christi de Ponteareas
Páxina 7

Transferido a Salvaterra
o tramo de Fornelos
Páxina 13

Arabo recoñecido co
"Compromiso de
Calidade Turística"
Páxina 14

Martín Carrera gaña o V
Triatlón do Porriño
Páxina 16

Alfonso Rueda fai
entrega do escudo e a
bandeira de Mos
Páxina 19

Dous días de Festa
Castrexa no Trega
Páxina 24

Festa da Coca en Monção
Páxina 29



**Mecalía
Atlético Guardés
campionas
da Liga 2016/17**



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

OPINIÓ

Por Ramón Coira Luaces

Sobre a violencia contra as mulleres

Agora que non se precisan escoltas para protexer á xente amenazada por ETA, penso que se deberían dedicar eses recursos a protexer ás mulleres que están en perigo polas condutas violentas das súas ex-parellas masculinas, que non aceptan a separación. E tamén facilitar ás mulleres que o soliciten axuda para independizarse do seu maltratador. O Estado non debe ser tan pasivo ante estes crimes machistas, que nos avergoñan como homes e como sociedade. Fanse campañas



NON MAIS
VIOLENCIA
CONTRA
AS MULLERES

sensibilizadores e algunhas penso que están ben, pero o problema non se atalla. É posíbel que haxa algún inocente que pase uns días en prisión, pero este é un mal menor que ocorre en moí contadas ocasións. Os homes temos que aportar o noso gran de area e algúns xa o fixeron e xa o fan. Parabéns por eles.

Algunha xente reclama que este Día Das Letras Galegas se lle adique a unha escritora e, na manifestación do día 17 de Maio en Compostela, unhas rapazas protestaban porque a

elas non se lles homenaxeaba. Temos a Rosalía de Castro porén a súa sombra debe deixar medrar o recoñecemento a outras mulleres escritoras. Eu teño simpatía polas mulleres e coído que a sociedade pode ser moito mellor se elas son máis libres, máis donas de si e máis protagonistas. O BNG deu ese paso e eu estou moi satisfeito e esperanzado cos resultados, que sen dúbida serán moi satisfactorios para Galiza. E todo o que queremos para Galiza querémolo tamén para todas as nacións e para todos os pobos do mundo...



Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

O referendun catalán é constitucional

A Comisión de Venecia, organismo do Consello de Europa que asesora nos procesos constitucionais ao devandito organismo supraestatal e aos seus Estados membros, respondeu ao pedimento de mediación do presidente Puigdemont verbo do eventual referéndun catalán que só podería actuar no marco constitucional español. É dicir, que só será recoñecido polo Consello de Europa aquel referéndun catalán que sexa compatíbel coa legalidade constitucional do Estado español.

O unionismo español interpretou desaqueladamente esta resposta como unha censura ao procés de autodeterminación catalán, cando é xustamente o oposto. O que quere dicir o alto organismo europeo é que Catalunya pode decidir, mais dacordo cos procedementos



constitucionais españois. Cos procedementos, non cos contidos substanciais. A Comisión de Venecia afirma en realidade o dereito a decidir catalán, mais ao abeiro das regras constitucionais españois.

Pois logo... é constitucional un referéndun consultivo catalán? Dacordo co artigo 92 da Constitución e co artigo 5 da Lei Orgánica 2/1980, que desenvolve este artigo da Carta Magna, parte da cidadanía (a única condición é que o ámbito sexa a provincia; poden votar só as catro provincias catalás) pode emitir o seu voto a respecto dunha pregunta enunciada pola Autoridade competente. Autoridade que é o Goberno do Estado, mais que ben pode delegar o exercicio da súa competencia na Generalitat de

Catalunya, consonte co artigo 150.2 da mesma Constitución. Logo si é posíbel un referéndun catalán sobre o seu futuro político, malia que teoricamente non sexa vencellante en termos xurídico-políticos.

Mais, como di o constitucionalista Torres del Moral, cando o pobo fala non opina, senón que decide. A virtualidade do referéndun catalán pode valer para pechar de vez o proceso independentista ou, pola contra, para abrir un proceso de reforma constitucional que recoñeza a ditame cidadá e execute a vontade do pobo de Catalunya.

Rajoy, pois, non ten excusa. Pode (claro que si) autorizar un referéndun para coñecer o que quere Catalunya. Unha consulta que desexan entre o 70 e o 77% dos seus cidadáns, segundo moi diversas enquisas dos últimos tres anos. O que non pode é teimar en que a Lei non lle deixa xogo. Porque o certo é que a Lei está para a xente e non a xente para a Lei.



Escocia segue a votar nacionalista

Moitos comentarios xurdidos en Londres e Madrid afirman o fracaso case catastrófico dos nacionalistas escoceses do Scottish National Party (SNP) nas eleccións británicas últimas.

O Reino Unido elixe en circunscricións uninominais (o que gañe por un voto leva o escano) 650 deputados, dos que Escocia achega 59. Nas eleccións do 2015 o SNP obtivo 56 sobre 59, cun 50% de votos, mentres que agora obtivo só 35 (60% dos escanos escoceses), cun 37% de votos. Se a isto lle engadimos que

Angus Robertson, vicedirector do partido e Alec Salmond, anterior first minister perderon cadanseus escanos fronte a conservadores escoceses, indubidábelmente a perda relativa foi importante e xustifica a chamada á análise demorada e ao control de danos da líder nacionalista e first minister Nicola Sturgeon.

Mais os resultados do 2015 foron absolutamente excepcionais. O propio xornal nacionalista "The National" recoñeceu que mesmo eran freakies. Nas anteriores estatais de 2010 o SNP quitara só 6 escanos. O que ocorreu nas eleccións xerais do 2015

foi que o SNP nucleou todo o voto afirmativo do referéndun do 2014 e unha fracção do negativo, recollendo o anoxo da maioría da cidadanía coas promesas incumpridas dos tres partidos dun incremento substancial da autonomía se a cidadanía votaba NO. Xa que logo, foi o propio electorado laborista, conservador ou lib dem quen non acodiu votar ou presitou o seu apoio ao SNP, diante do desprestixio xeral en Escocia das opcións unionistas.

Nestes dous anos o Partido Conservador Escocés, liderado por Ruth Davidson,

muller contraria ao Brexit, de orixe obreira e que confesa abertamente a súa homosexualidade, soubo darlle canle á expresión política de sectores sociais que temen máis a independencia ca o Brexit até acadar o 28% dos votos o xoves pasado. Por outra banda, a progresión de Corbyn mobilizou parte do voto de centro-esquerda escocés a prol dos laboristas, nunhas eleccións en clave bipartidista no que o que se xogaba nos últimos días era se ía gobernar Theresa May ou Jeremy Corbyn.

Xa que logo, o resultado acadado polo SNP na Escocia non foi ningunha catástrofe, senón a clara concreción de que, mesmo nunhas eleccións en clave estatal e bipartidista, a maioría relativa dos votantes escoceses segue a votar escocés.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Momentos especiais da nosa recente historia

Estamos sendo testemuñas de momentos históricos. Por unha banda veñen de cumprirse os 40 anos da chamada, polos foros oficiais, a Transición modélica. Nestes días tamén asistimos a un experimento democrático: unha moción de censura ao goberno actual.

Por outra banda a nivel europeo, e aínda planetario, estase pretendendo á posta en práctica de modelos ou sistema de goberno que poidan dar resposta aos enormes retos que o momento histórico nos esixe. Uns falan de retomar aquela idea de consenso que todas as forzas políticas foron quen de artellar; outros cren que son outros tempos e que as respostas non poden ser as mesmas. Entre estes dous puntos equidistantes debe riamos atopar a solución.

Respecto a primeira situación Alfons Cervera, na súa obra "Yo no voy a olvidar porque otros quieran", dínos que a Transición non foi tan doce, tan tranquila nin tan admirable como se empeña en contar a versión oficial dunha memoria que segue partida en dúas metades. O franquismo, dínos, segue presente digan o que digan as voces compracentes cun consenso que pecha a posibilidade de debate entre as diferentes versións do pasado. Alfons Cervera aproximase dunha maneira crítica aos que queren

arrombar no lado escuro da historia a dignidade da II República e daqueles que a defenderon e aínda seguen facéndoo a contracorrente e contratodos.

Respecto á Moción de censura que vi-

vimos estes días pasados, presentada por Podemos, dicir que todo o panorama informativo oficial, por suposto, e aínda aquel que puideramos considerar como neutral, trata de ofrecernos os resultados como unha derrota clara e rotunda para o propoñente, Pablo Iglesias, e unha vitoria aplastante para o censurado, Rajoy.

Foi así, de verdade? Resulta obvio que cada quen arrima a brasa a súa sardiña, pero sendo minimamente honestos temos que admitir que o Presidente do Goberno tivo que asistir a unha serie de acusacións, certas, por outra banda, diante de todo o Parlamento que, co asentemento tácito nuns casos e explícito noutros dos demais partidos, agás o seu. Somentes este feito xa xustifica a devandita moción de censura, aínda que non respectase o procedemento. A partires de agora xa nada será igual. Rajoy non perdeu pero tampouco gañou. Isto xa é un mérito importante para o propoñente e unha chamada de atención seria para futuras políticas que o Goberno teña que poñer en marcha.

Non imos facer unha diagnose de cómo se desenvolveron os feitos durante día e medio, pero sí indicar que este se tratou dun momento especial e necesario nesta historia anodina que vivimos onde parece

que todo se desenvolve perfectamente aínda que todos saibamos que non é así.

Para elo imos botar man dunhas cantas pinceladas que Manuel Rambla nos deixa nun amplo artigo sobre o libro que Axel Honneth ven de publicar sobre "La idea del socialismo"; onde nos alerta da falsa crenza de que o socialismo desapareceu coa caída do muro de Berlín.

Honneth recordaba que o motivo de escribir este libro foi unha maneira de rebelarse contra o trunfalismo dos que afirman que o socialismo xa morreu.

Pola nosa banda queremos engadir que, efectivamente, mentras as nosas rúas sexan as vivendas habituais dos que non teñen vivenda; mentres os comedores sociais teñan que aumentar ano a ano as súas racións de comida para os que non poden ir a super; mentres que seguen sen prazas escolares axeitadas as súas necesidades psicolóxicas miles e miles de criaturas, mentres os multimillonarios pretendan, e o consigan, taparnos a boca e calar a súa mala conciencia con doazóns que non chegan ao 10% dos impostos que tiñan que pagar, etc., etc.. Mentres todo isto ocorre resulta obvio que non podemos baixar a garda e pensar que non hai nada que facer. Soamente, como nos di Honneth temos que atopar as formas axeitadas a estes momentos históricos para conseguir mellorar este indecente mundo que nos queren ofrecer como panacea.

Humor

Félix



At. al cliente: 986 60 52 83

Construcciones

ito

Areas -Regueiro, 31 B
36711 - Tui

Reformas · Carpintería
Pintura · Fontanería
Albanilería · Electricidad

www.piscinastito.es

facebook evaristo fer

TENEMOS TODO PARA TU PISCINA

Tito piscinas

Areas -Regueiro, 31 B
36711 - Tui

www.piscinastito.es

At. al cliente: 986 60 52 83

facebook evaristo fer

Citanía

Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas

Telf./ Fax : 986 34 06 06

www.facebook.com - info@citaniasalceda.com

www.citaniasalceda.com

NOVAS de TURONIO
Revista galega da Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosdespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Primeira edición da 'Carreira Nocturna Vila do Corpus'

O Concello de Ponteareas e a asociación de runners da vila, Corredores Festeiros, organizan a I Carreira Nocturna Vila do Corpus, que terá lugar o próximo 15 de xullo polas rúas do casco urbano. A proba desenvolverase entre as 20:00 h do sábado 15 de xuño ata as 02:00 h do domingo 16, sobre un circuíto urbano totalmente chan de 1 km de distancia.

Nesta carreira poderase participar de xeito individual ou por equipos de 3 a 6 membros. "O feito de que a duración e o número de relevos sexa o que cada equipo decida fai que practicamente calquera persoa poida participar", sinala Benito Márquez, concelleiro de Deportes.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 01 de xullo en www.cronotec.es/informacion/html, estando xa anotados importantes corredores tanto de Portugal como de fora de Galicia, e entre eles, Antonio Tejido López, campión do 24 horas de Vigo do ano pasado 2016.

Nese enlace tamén se poderá consultar o regulamento da proba así como todos os detalles da mesma, que tamén estarán dispoñibles no perfil de Facebook da asociación Corredores Festeiros, ou na páxina da carreira "6 Horas Vila do Corpus".

Un dos obxectivos deste evento é dar apoio económico e sobre todo recoñece-



mento social á asociación Síndrome de Down Vigo. "Esta asociación leva anos traballando no desenvolvemento integral das persoas con síndrome de down, pero sobre todo loitando para que a integración social e laboral sexa real e efectiva. A organización da carreira pretende aportar o seu gran de área e axudar neste proceso de integración, facendo que un evento deportivo sexa tamén unha xornada de visualización e concienciación social, acompañado de música, xogos e sorpresas", sinala Fran Aparicio, membro da asociación Corredores Festeiros e coorganizador da proba.

ros e coorganizador da proba.

O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, animou aos ponteareáns a participar neste importante acto deportivo, sinalando que "xa facía varios anos que Ponteareas non contaba con ningunha carreira nocturna, e por iso mesmo é importante a celebración desta proba, sobre todo tendo en conta a gran cantidade de atletas e runners que temos na vila. De seguro que este evento que se inicia se converterá nun dos eventos icona da imaxe deportiva e turística de Ponteareas".

Sofía Álvarez acada o bronce en Granada

A deportista Sofía Álvarez do Club Bádminton de Ponteareas fíxose co bronce en dobres mixtos no Campionato de España sub 13 celebrado en Granada.

Acostumada ao podium a xogadora participará coa Selección Galega no Campionato de España por seleccións autonómicas que se celebrará en Cartajena do 19 ao 23 de xuño.

Sofía Álvarez é a xogadora máis nova de toda a selección galega Sub 15.



Alumnos de ASPRODICO confeccionaron preto de 200 flores para os escaparates

Levan quince días traballando arreo cun único obxectivo, que as súas flores florezan antes que o Corpus.

Traballadores implacables e perfeccionistas, os once alumnos do taller ocupacional ASPRODICO impregnáronse este ano, máis que nunca, do arrecendo do Corpus de Ponteareas e confeccionaron de xeito artesanal preto de 200 flores de papel para engalanar os escaparates dos establecementos membros da Federación de Comerciantes de Pon-

teareas.

Guiados por Ana Belén e Rocío sacaron o traballo adiante sen desentender as súas actividades diarias que non son poucas. Hípica, horta, ximnasia e múltiples traballos artesanais que logo comercializan en datas sinaladas.

Grazas á iniciativa da Concellería de Benestar Social e á Concellería de Comercio, este ano boa parte dos locais amosarán xunto co cartel do Corpus estas flores feitas por mans voluntarias.



FUCO PRADO



PONTEAREAS

Ponteareas promociona o seu Corpus

Neste mes de xuño o Concello de Ponteareas realizou unha intensa labor de promoción das Festas do Corpus Christi, acompañados por alfombristas que elaboraron tapices florais en cada unha das presentacións que se desenvolveron ao longo deste mes.

drid, Xosé Ramón Ónega, resaltou a beleza do arte das alfombras "esta belísima labor floral non é improvisada. É unha inspiración donde a beleza e o sentimento triunfan. Xa o dixo Baudelaire que a inspiración é traballar tódolos días".

O día 8 de xuño voluntarios do

Ensino, Cristina Fernández, presentou o Corpus ponteareán na Deputación de Pontevedra, o luns 12, na de Lugo o martes e na de Ourense o mércores, día no que tamén se presentou no Centro Cultural Marcos Valcárcel, elaborándose unha alfombra en cada unha das entradas principais das diferentes sedes.

Na de Pontevedra abriu e pechou o acto a Presidenta da Deputación, Carmela Silva, cun emotivo discurso no que tivo lembranzas da súa infancia e relatou unha morea de anécdotas e impresións vividas no Corpus de Ponteareas que a acompañaron ao longo da súa vida.

Ao remate, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas asinaron un convenio para a promoción do Corpus por valor de 8.000€ que se veñen sumar ao convenio suscrito con Turismo de Galicia e ABANCA por ser Festa de Interese Turístico Internacional.

Este ano, o goberno propúxose facer extensivo o sentir do Corpus a tódolos colectivos da vila. Deste xeito o taller ocupacional ASPRODICO confeccionou flores de papel para os comercios da Federación de Comercio, a Concellería de Ensino e a de Cultura acompañados dun representante dos alfombristas presentaron o Corpus nas es-



Presentación do Corpus na Deputación de Lugo



Alfombristas ponteareáns no plato do programa Luar da TVG.

Como xa fixeran no mes de xaneiro co galo da feira de turismo FITUR, O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Turismo, Hortensia Bautista foron a Madrid o primeiro de xuño, nesta ocasión a presentar a festa do Corpus Christi na Casa de Galicia en Madrid. Na presentación, o Delegado da Xunta de Galicia e director da Casa de Galicia en Ma-

tramo Ferreiros-San Roque e traballadores do concello levaron unha mostra da súa arte efímera á feria FESTUR en Silleda, onde Ponteareas contou cun stand de turismo no que promocionou as festas do Corpus, o patrimonio natural, a historia e a gastronomía da vila.

Xa nos tres primeiros días da semana das Festas, o alcalde, que ía acompañado da Concellería de

colas e os autobuses da empresa Ojea levan vídeos promocionais da vila e do Corpus para emitir nos autocares e cartelería promocional nos cristais traseiros.

Ademais, alfombristas do tramo As Monxas e Fonte do Baratillo desprazáronse ao plató do programa de Televisión de Galicia, Luar, o venres 9, para confeccionar en directo e sobre o propio escenario unha alfombra floral.

Por outra banda, o Alcalde de Ponteareas, reuniuse coa Directora Xeral de Patrimonio, Maria del Carmen Martínez, en Santiago de Compostela para comezar a traballar na solicitude de declaración das alfombras do Corpus Christi de Ponteareas

como Ben de Interese Cultural (BIC) Inmaterial.

Ao longo deste ano outras iniciativas levaron ás alfombras a distintos lugares. A sección de Ponteareas da Adoración Nocturna Española, realizou o día 30 de abril, unha alfombra de flores de 150 metros cuadrados na explanada do Santuario de Fátima, en Portugal, e o 13 de maio unha de 125 metros cadrados diante da Igrexa de Fátima en Vigo. Este grupo tamén elaborou unha nova alfombra diante da Cámara Municipal de Monção, con motivo da festa de Nossa Senhora da Rosa, tal e como se vén facendo desde o ano 2009 sen interrupción.

Viñoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

RIVERO Casa
RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS
TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Convocado o VII Premio de Investigación Fermín Bouza Brey

0 prazo de presentación dos proxectos remata o 31 de agosto de 2017

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) vén de publicar as bases polas que se rexerá o VII Premio de Investigación Fermín Bouza Brey, co que o concello ponteareán quere lembrar o nacemento, na vila do Tea, do ilustre polígrafo e poeta.

Trátase, segundo a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, “honrar a súa memoria e sobre todo o seu traballo de investigación sobre a cultura deste país”. Paralelamente, matiza a responsable de Cultura do Concello de Ponteareas, “o premio permite promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado, co que iso supón de afondamento na nosa identidade cultural”.

O premio, segundo sinalan as bases publicadas, está aberto aos proxectos de investigación cientí-

fica nos eidos da historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais e que, obrigatoriamente, terán que ter como referente o municipio de Ponteareas e, complementariamente, a comarca do Condado.

Dado que o premio outorgase a un proxecto de investigación de feito dos 3.000 euros de premio, o 25% entrégase unha vez fallado o premio e o outro 75% restante á entrega do traballo de investigación dito proxecto debe presentarse cunha memoria onde figuren os obxectivos, metodoloxía, periodización, recursos a empregar, e temporalización do traballo, entre outros.

As propostas de investigación, deberán ser rigorosamente inéditas e a súa presentación farase con carácter anónimo, e por quintuplicado, cunha plica onde figuren os datos do autor: copia do DNI, datos persoais, enderezo e teléfono de contacto do participante.

Unha vez fallado o premio, que poderá ser declarado deserto polo xurado, a organización resérvase

todos os dereitos sobre o proxecto premiado, incluíndo o de publicación sen limitación de exemplares, que será editado en lingua galega.

O xurado estará formado polo Alcalde de Ponteareas; a Concelleira de Cultura; un representante do Consello da Cultura Galega; un representante do Instituto de Estudos Galegos ‘Padre Sarmiento’; un representante da Universidade de Vigo e un representante do Consello Galego de Museos, actuando como secretario do mesmo o auxiliar do Museo Municipal de Ponteareas.

Dito xurado, amais de valorar distintos apartados da Memoria do Proxecto como obxectivos, metodoloxía e plan de traballo, fará un seguimento continuado do desenvolvemento da execución do proxecto de investigación, podendo anular a continuidade do traballo se considera que non se cumpren as fases de execución ou os obxectivos enunciados no proxecto.

As bases, na túa totalidade, poden ser consultadas no BOPPO do 25 de maio.

Vías e Obras executa obras de mellora no Paseo Matutino

Nos últimos días procedeuse a asfaltar a zona bacheada, a arranxar as beirarrúas, colocar vallas fixas de protección, reparar bordillos e distintos traballos provisionais que garanten a seguridade dos viandantes e melloran este tramo.

A concelleira de Vías e Obras, Chus Garrrote, explicou que se trata de traballos provisionais que cubren as necesidades máis urxentes á espera de poder realizar obras de reforma de carácter integral.

“Mentres non podemos executar o plan completo de mellora do Paseo Matutino decidimos executar as obras mínimas que garantan a seguridade no día a día dos peóns e veciños da zona. Como seguimos a estar pendentes de



poder executar unha mellora profunda da zona, decidimos cubrir o máis importante sen grandes custes xa que en canto podamos teremos que levantar a zona para profundizar en obras de maior embergadura. Non se trata de por un parche, trátase de mellorar mentres non podemos cumprir co noso compromiso de realizar as obras desexadas”.

Ponteareas modifica o seu Orzamento para cumprir unha sentenza xudicial

O concello de Ponteareas ven de aprobar, a proposta do Goberno, unha modificación do Orzamento, por un importe total de 341.748,70, para cumprir unha sentenza xudicial pola falta de pagamento á empresa Construcciones Crespo e para o pago do importe pendente con Augas de Galicia pola construción en 2010 da planta potabilizadora da rede municipal de auga.

A débeda con Construcciones Crespo, que neste momento está en concurso de acredores, explica o concelleiro de Facenda, Francisco Alonso “prodúcese cando dita empresa foi contratada no ano 2006 polo Goberno do PP para a realización dunhas obras de melloras viaria”. Os traballos estaban financiados polo Ministerio de Fomento “pero, o Goberno do PP, naquel momento, non utilizou eses fondos para pagar á empresa construtora, como era a súa obriga”. Deste xeito, aclara Alonso, “o Goberno popular incumpria cla-

ramente o convenio co Ministerio de Fomento e o contrato coa empresa adxudicataria que se viu obrigada á vía xudicial”.

Agora, o Goberno actual, mírase na obriga de ter que facer fronte a dito pago asumindo ademais elevados intereses de demora. O máis grave, subliña o responsable de Facenda, “é que sobre esta débeda xa existía unha primeira resolución xudicial e un acordo de pago do ano 2008, acordo que, seguindo a súa habitual táctica, tamén foi incumplido polo Goberno de Salvador González e Belén Villar”.

A débeda con Augas de Galicia é, ao entender de Francisco Alonso, “outro caso claro dos incumprimentos financeiros do Goberno de González Solla”. O seu orixe data do ano 2010 cando se remata a construción da ETAP (planta potabilizadora). Daquela, o Goberno local asumira o compromiso de pagar o 20% da planta, “compromiso que tamén foi incumplido”

afirma Francisco Alonso e engade que “con cargo a 2016, o actual Goberno de coalición nacionalista e progresista, xa se fixo cargo de pago do 10% máis os xuros e agora, o que aprobou o Pleno, foi o pago do importe restante, 138.114,25, importe ao que tamén hai que sumarlle os intereses dende 2010 desta débeda” remata o responsable de Facenda.

A liquidación do 2016 cumpre coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto

O concelleiro de Facenda aproveitou tamén para saír ao paso “dun novo alarde de alarmismo do Partido Popular sobre as contas do 2016” que, segundo Alonso, “cumpren escrupulosamente coa estabilidade orzamentaria e a regra de gasto”.

Francisco Alonso, que asegurou que “hai que ser moi torpe para afirmar que no 2016 gastáronse 3,4 millóns de euros máis do permitido”, matizou que ditas afirmacións as fan aqueles mesmos “que levaron a este Concello

ao desastre económico e que forzou a intervención do Ministerio de Facenda”.

O edil aconsellou ao PP que, para que as súas acusacións “sexan convincentes”, explique antes que nada á veciñanza “como fixo para que o Remanente Negativo de Tesourería pasade dos 4,1 millóns de euros no 2005 aos 14 millóns do 2010 o que supón un incremento anual de 2 millóns de euros”. A eses datos, matiza Francisco Alonso, “habería que sumarlle 4 millóns de euros que, a interventora naquel momento, estimaba que era a suma das facturas acumuladas nos ‘caixóns”.

Lamenta Alonso que “pretendan dar leccións de capacidade xestora aqueles que foron os artífices de que no 2012, cunhas débedas acumuladas de máis de 18 millóns de euros, o Concello de Ponteareas tivera que ser intervindo polo Estado ao ser incapaz de facer un Plan de Saneamento minimamente crible”.

O Concello convida a participar como voluntario nas actividades do Corpus

O concello de Ponteareas convida a tódolos veciños e veciñas maiores de 18 anos a participar como voluntarios nas distintas actividades culturais e medioambientais que se van celebrar con motivo da celebración do Corpus Christi de Ponteareas.

Todos aqueles que queiran colaborar deberán solicitalo por rexistro de entrada nas oficinas do concello ou de xeito telemático a través da web do Concello de Ponteareas cumplimentando o formulario da pestaña de “Atención Cidadá” ou a través da pestaña da sede electrónica da páxina web <https://ponteareas.gal/>

Corpus Chisti de Ponteareas 2017

programa de actividades

SÁBADO, 10

21:00 h. | Auditorio Municipal. | Lectura do Pregón do Corpus a cargo do historiador, arqueólogo e investigador Xoán Martínez Tamuxe. | Concerto ofrecido pola Orquestra de Cámara Galega, dirixida por Rogelio Groba Otero.



MARTES, 13 a VENRES, 16

19:00 h. | Animación de rúa polo centro urbano para amenizar o traballo de desfollado das flores. | Música tradicional a cargo dos grupos Sadeo, Os Muíños de Oliveira, Grupo Folclórico da Casa Cultural de Areas, e Naiama.

MÉRCORES, 14

21:00 h. | Salón de Plenos. | Presentación da revista *Pregón* coa presenza dos colaboradores do número deste ano.

VENRES, 16

17:00 h. | Praza Maior e Praza Bugallal. | *Brincamos*, xornada dedicada aos xogos tradicionais e populares.

20:00 h. | Monumento ao alfombrista. | Ofrenda floral *in memoriam*. | Acompaña a Banda de Gaitas Tremiñado.

20:30 h. | Auditorio Municipal. | Acto de entrega das Medallas do Corpus Christi.

21:00 h. | Rúas do centro urbano. | Animación de rúa a cargo do grupo Ronco&Fol.

22:00 h. | Praza Maior. | Actuación da Orquestra Olympus.

23:30 h. | Tirada de fogos de lucería.

00:00 h. | Fin de festa coa Orquestra Olympus.



ACTIVIDADES RELIXIOSAS

SÁBADO, 17

20:00 | Santa Misa de Vésperas do Corpus Christi.

DOMINGO 18

08:30 | Santa Misa.

10:00 | Santa Misa.

11:30 | Santa Misa Solemne coa intervención da Coral do Centro Artístico Sportivo.

12:30 | Procesión do Corpus Christi.

20:00 | Santa Misa.

LUNS 19

18:00 | Santa Misa por todos os alfombristas finados.

LUNS 19 a DOMINGO 25

19:00 e 20:00 | Octava do Corpus Christi. | Exposición solemne e adoración do Santísimo (Santa Misa da Octava).



SÁBADO, 17

16:00 h. | Rúas do centro urbano. | Inicio da confección de alfombras.

22:30 h. | Mercado Municipal. | Inauguración da mostra fotográfica *Corpus no Tempo* e da exposición de Meninas.

23:30 h. | Diante do Mercado Municipal | Música e danzas do mundo (Galicia, Portugal e Italia) a cargo de Mercedes Prieto e Sergio Cobos.



DOMINGO, 18

09:45 h. | Tirada de foguetes de palenque.

10:45 h. | Diante da Casa do Concello. | Recepción de autoridades. | Concerto da Banda de Música Xuvenil de Xinzó.

12:30 h. | Tirada de foguetes de palenque.

12:30 h. | Rúas do centro urbano. | Solemne procesión coa participación da Banda de Música Xuvenil de Xinzó.

18:00 h. | Rúas do centro urbano. | Desfile de carrozas históricas e etnográficas. | Actuación de grupos de música tradicional.

21:30 h. | Praza Bugallal. | Actuación da Orquestra América.

22:30 h. | Praza Maior. | Concerto de Roi Casal.

00:30 h. | Praza de Bugallal | Fin de festa a cargo do grupo América.



LUNS, 19

11:30 h. | Praza Maior. | Animación infantil a cargo do grupo Animar-T.

17:00 h. | Rúas do centro urbano. | Festa infantil con inchables.

EXPOSICIÓNS

Crea a túa alfombra. | Praza Maior. | Obradoiro impartido pola Escola de Arte de Ponteareas. | Sábado, 10. | De 17:00 a 22:00 h.

O boneco do reloxo. | Reloxos antigos de José Higinio Suárez Garra e esculturas feitas con materiais de reciclaxe de Héctor Rodríguez. | Do 17 ao 19 de xuño. | Rúa Esperanza (Local Irmáns Suárez Garra).



Cadros ao óleo. | Auditorio Municipal. | Exposición de cadros da academia de pintura Iris. | Do 17 ao 19 de xuño.

Corpus no Tempo. | Fotografías antigas do Corpus e exposición de Meninas. | Do 17 ao 19 de xuño. | Mercado Municipal.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

TORNEO ALEVÍN FÚTBOL-B SD JUVENIL. | 3 de xuño. | De 08:00 a 21:00 h. | Complexo Deportivo de Pardellas. | Organiza: SD Juvenil.

I CAMPIONATO DE PÁDEL CONCELLO DE PONTEAREAS. | Do 9 ao 17 de xuño. | Pistas de pádel do Complexo Álvaro Pino.

VIII OPEN DE TENIS VILA DO CORPUS. | Do 23 de xuño ao 2 xullo. | Pistas de tenis da Freixa. | Organiza: Club de Tenis Ponteareas.

III TORNEO XADREZ E NATUREZA. | 25 de xuño. | Fraga do Rei (Cristiñade). | Organiza: Escola Municipal de Xadrez de Ponteareas.

CAMPUS DE VERÁN SD JUVENIL. | Do 26 ao 30 de xuño. | De 08:00 a 15:00 h. | Complexo Deportivo de Pardellas. | Organiza: SD Juvenil.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACIP denuncia o estado de abandono da Rúa de Abaixo

A Vice portavoz de ACIP Raquel Bautista Alfaya denuncia o estado de abandono que se atopan varias vivendas no centro urbano e neste caso na zona da rúa de Abaixo e Rúa Canteiro José Cerviño.

Nos pasados días recibimos denuncias dos veciños da zona de rúa de abaixo onde manifestan o seu malestar pola situación de varias vivendas que se atopan en estado de abandono sendo un problema de sanidade pública e convivencia, moitas destas vivenda foron saqueadas, roubándolles as portas e xanelas e noutras viven persoas por tempadas ocupándoas sen permiso dos propietarios.

Ditas situación provoca unha situación de falta de seguridade cidadá vendo os veciños que buscan alternativas para evitar pasar por esas zonas pois dita situación provoca que nalgúns casos créanse situacións de crispación



e perigo para os veciños que pasen por aí, os veciños denuncian e preguntánde onde está a Policía Local que pagamos todos cos nosos impostos que non pasan pola zona e se os chaman non aparecen.

Os propios veciños infórmanos que se reuniron co alcalde para informarlle dos devanditos

feitos e que se esixa o peche das devanditas vivendas que xa pasaron varios meses da devandita reunión e a situación segue igual.

Lembran que é competencia do Concello garantir os servizos de limpeza e conservación dos inmobles, a seguridade cidadá e a convivencia entre os cidadáns.

Esquerda Unida solicita a limpeza e amaño da urbanización de A Freixa

A urbanización de A Freixa, na parroquia de Ribadetea, ten a clasificación de zona urbana tanto na ordenación vixente coma no PXOM aprobado de forma provisional e pendente de aprobación final. Isto supón na práctica, que a veciñanza da zona pague os impostos municipais coma o IBI ou a recollida de lixo ao mesmo prezo que os veciños e veciñas da vila.

A pesares disto, os servizos que reciben por parte do concello non se adecúan a esta si-

tuación. As súas rúas atópanse en estado de abandono por parte do Concello. Tanto as cunetas coma as beirarrúas carecen dun adecuado mantemento e limpeza, o que provoca un gran malestar entre a veciñanza residente na zona.

Ante a persistencia desta situación, ESQUERDA UNIDA rexistrou un rogo para ser debatido no vindeiro pleno, solicitando ao Concello que proceda á limpeza e amaño da zona, xa que considera que debe rematarse con este trato discriminatorio.



Rock Na Rúa os sábados de xuño en Ponteareas

O festival Rock in Río Tea comeza a quecer motores cunha novidosa proposta, o Rock na Rúa. Unha fusión de música e gastronomía coa que teredes cita dende a unha da tarde e cada sábado do mes de xuño con actuacións acompañadas dun succulento menú que rotará por distintos bares da vila.

Organizado pola Asociación Falcón en colaboración co concello de Ponteareas o Rock Na Rúa amenizará o xantar dos apaixonados da música e daqueles que queiran degustar os mellores pratos da gastronomía tradicional.

O Rock na Rúa arrancou ao ritmo dos The Loopholes na xornada Rock&Callos o día 3 no Bodegón Severo, e continuou co Rock and Pizza o 10 coa actuación dos Family Folks na Casa da Triga.

Aínda queda unha ración de Rock and Fabada cos Breakin'Bones na Casa Ferreira o sábado día 17, e se aínda quedastes con fame de rock e bo xantar, o sábado 27 de xuño teredes aos The Trunks no Blu Bar na xornada Rock and Salpicón.

O Rock na Rúa abre a programación do Rock In Río Tea que terá lugar do 30 de xuño ao 1 de xullo.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052



Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas



CAFE-BAR
PIRI-PIRI
JAMONERIA

Especialidade en
xamón asado e
xamón serrano
Parada Auto Industrial

Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

PONTEAREAS

Xoán M. Tamuxe destaca a riqueza arqueolóxica e patrimonial de Ponteareas

O arqueólogo e historiador Xoán Martínez Tamuxe tomou o relevo do xornalista de Televisión Española, Roi Groba, na lectura do pregón das festas do Corpus Christi de Ponteareas.

No auditorio municipal Reveriano Soutullo, Tamuxe comezou a lectura do seu pregón destacando a importancia dos contidos que un pregoeiro selecciona e recoñecendo o papel destacado da revista Pregón.

Tamén tivo palabras de recoñecemento para as tres persoas que crearon a revista Pregón: Luís Salgueiro Rodríguez, José Casas Nova Camba e Gabino Porto Bernández e non esqueceu a Feliciano Trigo.

Como naceron as parroquias e as lendas que rodean a orixe de cada unha delas, os grabados atopados e os distintos achádegos arqueolóxicos tamén tiveron un momento na lectura do seu pregón.

A lenda da serpe, o Castro de Troña, o nacemento da cristiandade, os descubrimentos de Guillade, Florentino Cuevillas ou Bouza Brey pasaron polo discurso de Tamuxe nun auditorio ategado de público.

Tamuxe tivo ademais palabras de agradecemento para o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, polas súas xestións na procura da declaración BIC para as alfombras do Corpus de Ponteareas.



O arqueólogo nado no Rosal, quixo rematar o seu pregón cun chamamento á paz no mundo, na vila e en cada recuncho do planeta.

Pola súa parte, o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, destacou “a autenticidade da expresión cultural colectiva na confección das alfombras, como uso social ligado a rituais, cerimonias e actos festivos como é o Corpus Christi, situados na mellor posición para lograr a Declaración de Ben de Interese Cultural Inmaterial, no que estamos a traballar e para o que resulta imprescindible a vosa participación como portadores desta tradición centenaria, por ser todas e todos os alfombristas parte integrante deste patrimonio cultural”.

O mercado ambulante medra con vinteun novos postos

O mercado de Ponteareas incorporou o sábado día 10 vinteun novos postos de venda ambulante. Por este motivo a partir dese día tódolos sábados as rúas Estrada e Morales Hidalgo permanecerán pechadas ao tráfico agás emerxencias, carga e descarga e servizo de taxi.

A Concelleira de Comercio, Inés, Vidal, adiantou que os vinteun postos que comezan a traballar no mercado de Ponteareas son autónomos que reúnen tódalas condicións legais e teñen toda a documentación solicitada ao día (seguro, alta no epígrafe de actividades económicas, ao corrente en pagos...).

“Para nós é positivo que os comerciantes se fixen no mercado de Ponteareas, que é un importante dinamizador da economía local, ao congrega a milleiros de veciños de toda a comarca do Condado e A Paradanta que aproveitan para facer todo tipo de compras”, explica Vidal.

A Concelleira de Comercio destaca que se no futuro se producen novas demandas, serán estudadas e poderán ser ubicadas na rúa Estrada que nestes intreos non acolle ningún posto ambulante.

“Dada a gran demanda que houbo tivemos que facer un sorteo dos postos numerados, tendo que abrir o mercadiño a unha nova rúa, neste caso a Morales Hidalgo xa que nas prazas non collen máis postos”, matiza Vidal.

Os postos novos distribuíransen entre a Praza Maior, a Praza Bugalla, na rúa Esperanza e Morales Hidalgo.

Novo aparcadoiro en Castelao

Para suplir as prazas de aparcamento que se restan co corte do acceso a estas dúas rúas, a Concellería de Vías e Obras traballa estes días no desbroce e compactación do firme dunha parcela na esquina da rúa Ramiro Sabell con Castelao.

“Este novo espazo para aparcamento contará con cincuenta prazas que facilitarán aos veciños un espazo de balde no que deixar os vehículos. Nestes días estamos a rematar xa os traballos de acondicionamento”, engade a Concelleira de Vías e Obras, María Jesús Garrote.



Simulación do novo aparcadoiro de Castelao

Presentación da revista Pregón do 2017 no salón de plenos



Foto Hernández

O salón de plenos do Concello de Ponteareas acolleu o día 14 a presentación da revista Pregón.

Con artigos de Esperanza Mariño, Anxo Porto Ucha, Raquel Vázquez, Clodio González, Xoán Martínez Tamuxe, Francisco Candeira, Gloria Arbones, Kiko Neves, Roberto Mera, Antonio-José Groba, Isabel Blanco, Miguel Grimáldez, Ángel Marzoa, Xabier Prado, Andrés Sampedro, Delio García, Francisco de Barros, Manrique Fernández, da Asociación Cultural e musical Obradoiro Vocal “A Vila”, Ángel Gallardo, Susana Lamela, Ángel Viro, Luciano González e a colaboración do Proxecto Erasmus, a revista Pregón recolle artigos que fan un percorrido polo patrimonio natural, cultural, arquitectónico e patrimonial da vila do Corpus.

Dende as lendas máis misteriosas aos arquivos máis novidosos como fonte de documentación, cada revista Pregón é un afondamento na orixe, na vida e na historia de Ponteareas.

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

O Tea de Mondariz gaña a segunda regata da liga Galega de Promoción de Slalom



O domingo 21 de maio tivo lugar a segunda competición da liga Galega de Promoción de Slalom Olímpico. A proba organizada polo Club Tea de Mondariz celebrábase no Río Miño ao seu paso polo porto deportivo de Tui.

Ao termo da proba o Club Tea de Mondariz facíase co triunfo da proba ao sumar 239 puntos, por diante do Club Piragüismo Penedo con 213 puntos e o Club

Deportivo Miño-Vos Teixugo con 178 puntos.

Despois de dúas competicións da liga disputadas prodúcese un empate na clasificación xeral entre o Club Piragüismo Penedo e o Club Tea de Mondariz, ambos suman 215 puntos, en terceira posición con 198 puntos sitúase o Club Deportivo Miño-Vos Teixugos, o cuarto posto con 197 puntos é para o Piragüismo Dumbria e a quinta praza é para o Club Montaña Quixós con 193 puntos

Polo que respecta ás actuacións individuais os distintos vencedores foron na categoría muller benjamín Sara Fernández-Piragüismo Dumbria seguida por Nerea Gutierrez-Montaña Quixos e Aroa López-Piragüismo Dumbria. Os tres primeiros postos masculinos da categoría leváronllos Pablo Alfaya-Tea de Mondariz, Xesús Pena-Piragüismo Dumbria, e Sergio Vázquez-Tea de Mondariz.

Na categoría K1 muller alevín

Noa Díaz-Montaña Quixós levou o ouro, por diante de Ximena Prats-Montaña Quixós e Inés Acuña-Tea de Mondariz. Na modalidade de C1 as tres primeiras posicións leváronllas as mesmas protagonistas. En homes K1 Valentín Varela-Penedo, Efrén Álvarez-Montaña Quixos e Martín Fernández-Piragüismo Dumbria ocuparon as tres primeiras posicións do podio. En C1 o podio foi para Santiago Alfaya-Tea Mondariz, Efrén Álvarez - Montaña Quixós e Brais Sánchez-Piragüismo Dumbria.

Rosana Bernárdez-Tea Mondariz foi a primeira clasificada en muller Infantil K1, segundo posto para Ainhoa Barreiro-Montaña Quixós, sendo a terceira praza para a súa compañeira de equipo Alba Soutelo. Pola contra en C1 a vitoria foi para Ainhoa Barreiro seguida por Rosana Bernárdez e Alba Soutelo. En homes o podio en K1 foi para Mario Otero-Tea Mondariz, Sergio Martínez-Deportivo Miño, Hipólito Alves-Penedo. Polo que respecta ao C1 Samuel Castro-Deportivo Miño, Mario Otero-Tea Mondariz e Brais Caride-Penedo, repartíronse as medallas de ouro, prata e bronce respectivamente.

A próxima competición da liga disputarase o 25 de xuño en Ribadumia.

I Andaina Xabriña



Mondariz Asociación Deportiva vén de organizar, para o sábado 17 de xuño, a I Andaina Xabriña Mondariz que, cunha catalogación de dificultade media/alta, contará con dous percorridos, un longo de 40 quilómetros e outro 'curto' de 23 quilómetros.

A actividade, que conta coa colaboración do Concello de Mondariz, terá un prezo case que simbólico de 5 euros para os non socios de Mondariz Asociación Deportiva, prezo que se reduce ata os 2 euros no caso dos e das socias.

Se ben por cuestións organizativas será preciso inscribirse na actividade, o pagamento non se fará efectivo ata o día da mesma. As inscrición poden formalizarse no teléfono 655 777 023 ou ben no Bar Andén de Mondariz.

Mondariz mellora a sinalización dos seus recursos turísticos

O Concello vén de instalar dous paneis divulgativos dos recursos patrimoniais de Mondariz nas praias fluviais do Ceo e O Val. Os paneis, que teñen un deseño actual e atractivo, recollen os principais recursos turísticos do concello en todas as parroquias e permiten descargar toda a información dispoñible en tres idiomas: galego, castelán e inglés.

Os paneis tamén contan cun código Bidi que permite, mediante un servizo gratuito dos teléfonos móbiles, acceder á localización de todos os recursos, de forma que ninguén se poida perder. Esta iniciativa está complementada con dous folletos turísticos, un breve e outro máis amplo (ambos cofinanciados tamén pola deputación), que recollen os principais valores naturais e culturais cos

que conta o noso concello, da Ponte de Cernadela ao Castelo do Sobroso, pasando polas praias fluviais e os sendeiros á beira dos ríos Tea, Xabriña e Aboal.

Colaboración coa Deputación

Os traballos de sinalización foron financiados pola Deputación de Pontevedra, que achegou un total 2.198,57 € a través dunha liña de subvencións convocada polo Servizo de Lingua e Cultura. Os paneis, instalados en puntos nodais do concello: a praia fluvial da Ponte de Cernadela (no barrio do Ceo) e a praia do Val (xusto ao pé da área de



autocaravanas).

Con esta medida o Concello pretende favorecer o acceso aos principais recursos turísticos da localidade, así como permitir un coñecemento global das súas ca-

racterísticas, tanto para darnos a coñecer entre as persoas que non nos coñecen como favorecer a estancia dos que xa nos visitaron, pero aínda non coñecen todos os nosos valores patrimoniais.

O noso Eido
taberna

Especialidades en: Angulas e lampreas, Peixes do Río, Chocos a Branda, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047
C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

EMILIO
seguros

DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

telf. información: 609 544 351

A CAÑIZA

A Cañiza celebrou a súa VI Gala do Deporte 2017

O pasado 10 de xuño o Auditorio da Casa de Cultura acolleu a Gala do Deporte anual no que se recoñeceu o esforzo e dedicación das novas promesas deportivas da Vila.

Os clubs de A Cañiza tamén recibiron unha mención especial polo traballo desenvolvido durante todo o ano en prol do deporte.

A Gala comezou ás 21h00 coa proxección dunha reportaxe e vídeo que deu a coñecer as traxectorias e traballos de cada un dos 25 clubs, escolas deportivas, equipos e deportistas destacados de A Cañiza que mereceron

dun especial recoñecemento pola labor desenvolvida neste último ano, premiando a súa promoción, colaboración, adicación e implicación no deporte municipal.

Os premios especiais da noite foron entregados á BTT de A Franqueira que recibiu o premio ao mellor evento deportivo pola celebración da 3ª edición da BTT, dando bo exemplo de perfecta organización e sincronía á hora de organizar o evento que en só 3 anos conseguiu contar coa participación de máis de 200 ciclistas. Antonio Teijeira Gregorio recibiu o premio ao Traballo e ao esforzo polos seus 22 anos de adicación



ao Clube de fútbol veteranos Randufe como fundador, xogador e director.

Un ano máis o Club Balonmán Cañiza - Saeplast recibiu o Premio ao Mellor Club, cun total de 8 equipos competindo, dous

deles na división de honor autonómica e un na 1ª división nacional. O Premio ao mellor equipo recaíu nos alumn@s da Escuela de Baile Muévete.

A nota entrañable da noite protagonizouna Diego Alén Gon-

zález que este ano foi galardonado co premio ao mellor deportista de A Cañiza.

Mención especial mereceu tamén o complexo deportivo municipal do ximnasio-piscina con máis de 1000 usuarios na actualidade e que oferta actividades tan variadas como fitness, zona cardio, aeróbic, body pump, G.A.P taekwondo, pilates, squash, aeróbic, gimnasia de mantemento, full-contac, cursillos de natación, aquagym, etc). A escola de natación conta xa con máis de 350 alumnos.

A Gala pechou cunha foto de familia con todos os deportistas, equipos e clubs galardonados, momento no que o Alcalde, Miguel Domínguez, agradeceu a todos os deportistas da Vila a impagable contribución que todos eles fan ao deporte local.



A Escola de Baile Muévete campiona Galega de Caribeños

A Escola de Baile Muévete de A Cañiza consegue facerse co título de campión galego na modalidade de Caribbean Show Dance under 11 co grupo "Little Queen" e proclámase subcampión galego en Caribbean Show Dance over 16 co grupo "Pink Ladies". O Campionato Galego de Caribe-

ños da Federación Española de Baile Deportivo, celebrouse o pasado 21 de Maio na localidade de Cee (A Coruña), cun gran número de participantes e público. A próxima cita será en Valencia, do 23 ao 25 de xuño onde participarán no Campionato de España de Caribeños da FEBD

o remendón

Cerrajería
vivienda-automóvil-chaves

Reparación de calzado

Tif. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

SERVICIO 24 HORAS

ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Telf: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Fronte á gasoleira, e xunto a XES

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bimca@bimca.com www.bimca.com

forjados hnos. duran s.l.

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

kidea
agasallos personalizados

Telf. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi
PUBLICIDAD

arte na publicidade

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

A CIG, en pé de guerra contra o acoso laboral e a represión sindical na Residencia Geriátrica Salvatierra

A CIG iniciou onte unha campaña de mobilizacións para rexeitar o acoso laboral e a represión sindical na empresa Residencia Geriátrica Salvatierra despois de que a dirección sancionase e despedise a varias traballadoras afiliadas da central que se presentaron ás eleccións sindicais. Coa protesta, que consistiu nunha concentración diante das instalacións do centro de maiores en Salvatierra do Miño, reclámase a readmisión das afectadas e a intervención da Xunta no conflito.

Dende a Unión Local do Porriño explican que a empresa propiedade da familia Ibañez, que mantén unhas condicións laborais de explotación dende hai anos, leva uns meses "exercendo un acoso vil sobre algunhas compañeiras, mediante o uso de violencia verbal, coa intención de conseguir despidos baratos de persoal con antigüidade". Como consecuencia, dúas traballadoras atópanse de baixa médica por depresión, situación que foi denunciada diante da Inspección de Traballo.

Neste contexto, catro afilia-

das da CIG decidiron dar un paso á fronte e promoveron eleccións sindicais na empresa, "que sempre atopa, grazas ao medo é as 'gratificacións voluntarias', peóns para facerlle o xogo; CC00 fixo o resto, amañando unha candidatura no despacho da dirección; deste xeito gañaron o proceso electoral o pasado 22 de maio".

Tan só dez despois a empresa decide abrir "tres expedientes disciplinarios falsos" coa intención atacar ás afiliadas da CIG, que supoñen o despedimento de tres compañeiras "unicamente



por defender a súa dignidade". A central decide entón presentar denuncia nos Xulgados e diante da autoridade laboral. "Pelexaremos pola súa readmisión e chegaremos até onde sexa necesario para conseguilo", ao tempo que lle reclaman á Consellaría de Política Social que revise a concesión coa residencia e lle esixen unha boa xestión dos recursos públicos.

Só unha enfermeira/o por quenda

Na CIG explican que no centro traballan na actualidade sete auxiliares na quenda de mañá, sete na de tarde e dous na de noite. "Atenden a 106 residentes, moitos/as deles/as encamados/as, tendo cada auxiliar menos de quince minutos para erguelos/as, asealos/as e vestilos/as".

Ademais, contan unicamente cunha enfermeira/o por quenda e unha soa cociñeira fai menús, atende pedidos e cociña para os

106 residentes; e dúas limpodoras teñen que encargarse de 53 camas cada unha en sete horas de traballo. "Atopámonos con profesionais con xornadas extenuantes atendendo a persoas dependentes que merecen máis do que elas lle poden dar". E todo isto por salarios de menos de 1000 euros mensuais, "con nóminas mal calculadas polas que hai que agardar até o día sete do mes".

Diante disto, solicitan das familias e dos residentes o seu apoio ás traballadoras/es que atenden aos seus familiares, e de igual xeito que fai a CIG lle esixan á empresa un bo trato para con elas/es, "xa que con seguridade iso mellorará o benestar dos internos/as". Finalmente, reclaman a solidariedade das familias e do Concello de Salvatierra con esta loita e instan a Xunta a intervir no conflito como responsable das prazas públicas concedidas no centro.


CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

PAZAS LIMITADAS

CAMPAMENTOS DE VERÁN

INSCRICIÓNS A PARTIR DO 12 DE XUÑO



CUSTOMIZACIÓN DE CAMISETAS

Lugar: Casa da cultura.

Horario: De 10:30 a 12:30h.

IDADE E DATAS

- De 14 a 25 anos, do 3 de xullo ao 7 de xullo.

(Cada neno traerá unha camiseta para customizar)

DECORA A TÚA FESTA

Lugar: Casa da cultura.

Horario: De 10:30 a 12:30h.

IDADE E DATAS

- De 14 a 25 anos, do 10 ao 14 de xullo.

ACTIVIDADES BIBLIOTECA

Lugar: Biblioteca Municipal.

Horario: De 09:00 a 13:00h.

IDADE E DATAS

Nen@s de 4(ou que cumpran 4 este ano) a 7 anos.

- Do 3 ao 17 de xullo.

- Do 18 de xullo ao 1 de agosto.

CAMPAMENTO DE VERÁN

Lugar: Parque A Canuda.

Horario: De 10:00 a 13:00h.

IDADE E DATAS

Nen@s de 6(ou que cumpran 6 este ano) a 15 anos

- Do 3 ao 17 de xullo.

- Do 18 de xullo ao 1 de agosto.

PAPIROFLEXIA

Lugar: Casa da Cultura.

Horario: De 10:30 a 12:30 h.

IDADE E DATAS

- De 14 a 25 anos,

-Do 17 ao 21 xullo

CURSO DE INGLÉS

Lugar: Casa da Cultura.

Horario: De 11:00 a 13:00h.

IDADE E DATAS

- De 16 a 25 anos, tódolos xoves de xullo e agosto.

Matrícula 5€ por alumno.

ACTIVIDADES GRATUITAS, PARA EMPADROAD@S NO MUNICIPIO.

PARA MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO E NA PAX : www.concellodesalvatierra.or TLF: 986 658 082/ INSCRICIÓNS NO CONCELLO

San Xoán

2017

Fogueira e Sardiñada

A partir das 22:00h. no Recinto Amurallado

Pan, Viño, Prato e Dúas Sardiñas

Total 2 €

23 Xuño



CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

SALVATERRA DE MIÑO

Transferido a Salvaterra un tramo de estrada en Fornelos da Ribeira

O DOG publica o decreto de transferencia a prol do concello de Salvaterra de Miño do tramo da estrada PO-408 que percorre o seu termo municipal

Trátase dun treito da estrada PO-408, situado entre os pp.qq. 0+000 e 1+280, cunha lonxitude de 1,28 km

A Xunta levou a cabo un acondicionamento desta estrada, que incluíu a rectificación de trazado ao seu paso polo núcleo de Fornelos, tras o que se lle deu ao tramo antigo da vía a denominación de PO-408

A estrada PO-408 rexistra un tráfico principalmente local,



posto que conta cunha alternativa viaria clara, a estrada PO-403, con mellor nivel de servizo

Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía,

que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.

Inspección técnica de sulfatadoras en Porto

O Concello de Salvaterra de Miño informa de que o próximo 26 de xuño trasladarase ao Torreiro de Mirón en Porto una Unidade de Inspección ITEAF (Inspección técnica de Equipos de Aplicación Fitosanitaria), específica de sulfatadoras e obrigatoria para equipos que superen os 100 litros e os 5 anos de antigüidade. Todas aquelas persoas que estean interesadas terán que solicitar cita a través da páxina iteaf.nagarservicios.com ou no teléfono 981 79 25 19.

Lembra que é obrigatorio levar o día da inspección a

cartilla o día da inspección (Alta no Roma), o número do bastidor visible, limpeza do interior e exterior, sen fugas nos circuitos nin na bomba. Deberá levar o depósito con 2/3 de auga limpa máis o compensador presión na tapa e o visor de volume, a protección arbol transmisión con cadea antixiro, protección tipo "campana" que cubre o enganche da transmisión na bomba, manómetro, antigo-teo máis pulverización homoxénea e os filtros de auga, antes da bomba e despois da bomba limpos e en bo estado.

Congreso sobre fabricación mecánica no IES de Salvaterra

Durante os días 9 e 10 de xuño, máis de 90 profesores de fabricación mecánica de toda Galicia participarán no XVII Congreso de ENFAMEC que se celebrará no IES SALVATERRA DE MIÑO coa finalidade de crear un lugar de encontro entre docentes, administración e empresariado, onde intercambiar experiencias e ampliar coñecementos desta

especialidade formativa.

Na apertura do congreso, o venres 9 ás 17 na aula de Usos múltiples do IES, participarán o alcalde de Salvaterra, Arturo Grandal, así como o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Manuel Corredoira, o xefe territorial Educación, César A. Ares, o director do centro, Victor Costas e o o presidente de ENFA-

MEC, Francisco Javier Novelle.

Ademais dos relatorios, que abranguen temas como as mobilidades profesionais de alumnado e profesorado no estranxeiro, a implantación da robótica ou os procesos de fabricación e montaxe de estruturas mecánicas entre moitos outros, haberá tamén visitas ás empresas Megalta e Censa no Porriño.

Devandito congreso está orga-



nizado pola Asociación de Ensinantes de Fabricación Mecánica (ENFAMEC) e o IES de Salvaterra,

e conta coa colaboración principal do Concello de Salvaterra de Miño, entre outros.



CONDADO / PARADANTA

ARBO / AS NEVES

Xornadas sobre os escumosos galegos en Arbo



O Concello de Arbo e EVEGA (Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia) organizaron as Xornadas Técnicas que tiveron lugar no Auditorio do centro multiusos de Arbo o 15 de maio de

2017 co título "Os escumosos galegos. Tendencias e innovacións"

A actividade asistiron profesionais do sector vitivinícola, así como xerentes, propietarios e traballadores de Adegas de

Arbo e de diversas zonas da xeografía galega.

Entre os temas a tratar O mercado dos escumosos galegos. Situación actual e perspectivas, potencial dos escumosos do Ribeiro, Características das principais castes galegas para a elaboración de escumosos, Solucións técnicas na adega para a elaboración de escumosos, Proxectos de I+D+i. "Mellora tecnolóxica da crianza de viños escumosos: Experiencias no Verdejo", Mesa redonda. Presente e futuro dos escumosos.

Entre os relatores destacaron: Jorge Mazaira Pérez. Director técnico do CRDO Valdeorras., José Simón Ferro. Xerente da adega As Laxas, Nuria Álvarez. Directora técnica do CRDO Ribeiro, Jorge Hervella. Enólogo, Dario Jordal. Empresa Laffort, Josefina Vila Crespo. Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría Agraria. Universidade de Valladolid

'Arabo' recibe o recoñecemento de 'Compromiso de Calidade Turística'

O Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea de Arbo, 'Arabo' vén de obter o diploma de recoñecemento ao Compromiso para a mellora da Continuidade da Calidade, recoñecemento outorgado pola Secretaría de Estado de Turismo no marco do Sistema Integral de Calidade Turística en Destinos (SICTED).

O distintivo que foi recollido polo Alcalde de Arbo, Horacio Gil, acredita e recoñece o esforzo realizado polo Concello, así como o cumprimento dos requisitos establecidos e o compromiso de calidade e mellora continua o que está sometido o Arabo.

O Compromiso de Calidade Turística, e un recoñecemento, según informa o alcalde de Arbo,

que trata de recoñecer, no caso de Arbo, a participación e compromiso do Concello arbense cos seus produtos estrelas que son o viño e a lamprea, e que pretende conseguir que a Vila de Arbo, 'Capital da Lamprea e Corazón dos Viños Condado e Albariño', sexa considerado como referente turístico nacional e poida considerarse un destino de calidade, competitivo e a altura dos principais destinos turísticos de Galicia.

O SICTED é un proxecto de mellora da calidade dos destinos turísticos promovido pola Secretaría de Estado de Turismo, co apoio da FEMP, que traballa coa empresa/servizos turísticos co obxectivo de mellorar a experiencia e satisfacción do turista.

As Neves recupera o Lavadoiro da Pousa

Nas últimas semanas o Concello reparou o lavadoiro situado en San Pedro de Batailláns no regato Pousadouro.

Por medio dunha subvención xestionada entre o Concello e a Deputación de Pontevedra puido levarse a cabo esta obra de recuperación do Patrimonio.

As obras consistiron na reparación completa do Lavadoiro da Pousa. Reparouse o tellado que estaba a punto de cair, o lavadoiro, a fonte e os muros. Tamén se drenou o terreo para facelo máis



accesible e utilizable pola veciñanza.

O Concello continuará coa intención de por en valor os elementos patrimoniais, animando a veciñanza máis próxima a que sexan quen es poidan coir e manter estes lugares mediante o seu uso como fonte, lavadoiro ou como lugar de esparcemento.

Remate da obra da estrada Couto a Paravedra

Rematadas as obras na mellora de dous tramos de estrada de Couto a Paravedra en Arbo, gravemente danados como consecuencia dos temporais do pasado inverno, incluíndo a execución de tres muros de mampostería para a contención da estrada e a execución de cunetas formigonadas.

Tamén se mellorou o firme da estrada, realizouse un desmonte na marxe esquerda da estrada, ampliouse a calzada e dispúxose unha barreira flexible de seguridade.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O PORRIÑO

O Porriño adicou máis de 30.000€ á XIV edición do Festival de Cans

O Concello do Porriño ven de facer un “importantísimo esforzo” para que o XIV Festival de Cans fose un éxito e os veciños, o público e os participantes-actores, directores, técnicos e invitados gozasen de catro días de cine e diversión.

As concellerías de Vías e Obras, Seguridade, Educación, Cultura, Parques e Xardíns, ademais da propia Alcaldía, realizaron distintos traballos que requiriron un orzamentos que, sumados á aportación, novamente récord, de 18.000€ que o Goberno local aprobara no eido do convenio asinado cos representantes do festival, supoñen unha achega que supera, en conxunto, os 30.000€ algo que non ten precedente nos catorce anos de historia do certame.

Este 2017, realizouse un investimento de máis de 3.000€ en presenza de axentes da Policía Local en diferentes lugares e eventos, coma visitas de escolares, regulación do tráfico, vixilancia ou cortes de circulación, durante os días de duración do Festival.

A Concellería de Vías e Obras asumiu unha cantidade semellante na colocación, retirada, aluguer e transporte de 380 valos e pranchas de aceiro, ademais do dispositivo de Protección Civil que estivo en servizo as 24 de cada un dos días de duración do certame.



O director de cine Montxo Armendáriz nun chimpan en Cans 2017

A Concellería de Limpeza afrontou un custo de 4.106€ polo acondicionamento da zona central de Cans: Rotonda do can, o aparcadoiro ou a presenza do servizo municipal de limpeza no torreiro de Cans os días do festival-a primeira hora da mañá do sábado 27, deixando todo limpo ás 9 cando empezou a ruta de sendeirismo, e do domingo 28 de maio, á mesma hora antes do comezo da misa-. Ademais, o Concello aportou 6 colectores de lixo extra na zona do torreiro e retirou os refugalloos do camiño de baixada ao río. Por último,

esta mesma concellería realizou a montaxe e desmontaxe de varios escenarios, dependendo de Parques e Xardíns o encargo e colocación do ‘Canseto’, na Praza de Antonio Palacios.

Os días 24, 15 e 26 de maio, estudantes e profesores asistiron, nos mesmos alpendres e adegas que fixeron de sas de cine durante o Festival, a varios debates e ao pase de distintas películas: o Concello colaborou nesta actividade poñendo os autobuses nos que se desprazaron alumnos e profesores ata a parroquia de Cans. A eles sumáronse, este ano,

representantes da Comunidade dos concellos franceses de Burdeos, de viaxe oficial no Porriño.

A esta actividades hai que engadir a participación de 8 centros da vila no proxecto ‘Debuxa Cans’, sobre tema libre co ‘espírito’ de que “todos xuntos facemos o festival”. Así mesmo, tamén fixeron xuntos o ‘decorado’ do festival e os seus traballos, antes de rematar en Cans, coincidindo coa proxección das películas, estiveron expostos na ‘rúa’ peonil do Porriño, pendurados en faixas dos farois da rúa peonil. A realización destas dúas activida-

des supera os 2.250€ de investimento.

Investimentos na parroquia que se achegan aos 70.000€

Ao mesmo tempo, e cumprindo co compromiso que a alcaldesa, Eva García de la Torre, asumirá hai apenas un mes coa Asociación de Veciños, quedou colocado no Torreiro, un novo bando de madeira, ao que o Concello destinou uns 6.000€.

A Concellería de Seguridade retirou o enreixado que rodeaba o aparcadoiro situado preto da Rotonda do Can, quitando a malla e os postes e substituíndo os mesmos por un ‘peche’ de árbores.

Persoal da Concellería de Limpeza rozou as silveiras e fixo unha limpeza completa do Camiño do cemiterio ou o Camiño do Cruceiro, ata o Castillo e o Parque do Río, entre outros lugares da parroquia, labores que seguirán nos vindeiros días.

Por último, a Deputación de Pontevedra ven de aprobar, con cargo ao Plan Concellos 2017, a solicitude feita polo Concello do Porriño para a mellora do Camiño A Pedreira, unha antiga demanda dos veciños.

Os traballos, que serán asumidos pola Concellería de Vías e Obras, dacordo coa resolución da Deputación, remitida ao Concello do Porriño, disporán dun orzamento total ademais de 56.200 euros.

O Festival de Cans converteuse na presente edición en moito máis que o gran acontecemento cultural do mundo rural en Galicia. Pouco a pouco, o certame está definíndose tamén como un proxecto que demostra a importancia da cultura á hora de incrementar a riqueza e postos de traballo.

Na presente edición do 2017 foron 110 os postos de traballo xerados ao longo dos catro días de Festival. Desá cantidade, 41 persoas foron dadas de alta pola organización a través de contatación directa para cubrir tarefas como produción, catering, merchandising, barras, transporte ou coordinación de diversas áreas. No tocante ao número de profesionais autónomos aos que o Festival contratou os seus servizos, 19 persoas desenvolveron o seu traballo en tarefas como deseño, comunicación e redes sociais, fo-

O Festival de Cans creou un total de 110 postos de traballo durante os catro días

tografía, realización audiovisual ou como técnicos de proxección. Ademais cabe destacar que outras 50 persoas traballaron no Festival de Cans a través de empresas contratadas especificamente para o evento, que desenvolveron o seu traballo e eidos como a iluminación, son, montaxe de carpas, limpeza e seguridade.

Estes dous últimos aspectos foi nos que o Festival experimentou este ano unha notable melloría, ao ser a limpeza e a seguridade dúas das maiores preocupacións da organización. Aparte de dúas persoas contratadas directamente polo propio Festival para limpar e desbrozar zonas de acceso público durante

os 15 días previos á celebración do certame, outros 12 operarios -contratados a través dunha empresa de limpeza privada- mantiveron limpo continuamente todo o perímetro do evento na zona central da aldea distribuídos en quendas de día e de noite. Do mesmo xeito, nesta edición reforzouse Cans con ata 20 contedores entre os que se podían atopar tres illas de reciclaxe a través dun convenio coa empresa local de xestión de residuos Couceiro.

No esforzo por mellorar a seguridade, a organización requeriu tamén os servizos de dúas empresas de seguridade privadas, ás que se lles contrataron 14 gardas de seguridade para o sábado e o

domingo. A gran afluencia de público durante estes dous días principais do Festival fixo que os autobuses que a organización contratou para que a xente evitase desprazarse en coche ata Cans, transportasen nesta edición un total de 3.000 persoas. Cada noite chegaron a funcionar ata tres autobuses, un deles un microbús adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Economía de quilómetro 0

A filosofía do Festival de Cans implica contratar preferentemente os seus servizos a autónomos, empresas e pequeno comercio de O Porriño, promover o comercio de proximidade e favorecer na medida do posible o desenvolvemento dos negocios locais. Por iso, o Festival continúa fomentando a economía de quilómetro 0 contribuíndo a unha ocupación hoteleira do 100% e promovendo o consumo en establecementos e pequenos comercios locais.

mentamento dos negocios locais. Por iso, o Festival continúa fomentando a economía de quilómetro 0 contribuíndo a unha ocupación hoteleira do 100% e promovendo o consumo en establecementos e pequenos comercios locais.

Varias semanas antes do seu comezo, cubriuse por completo a oferta hoteleira da zona, polo que numerosas persoas tiveron que buscar aloxamento en Tui, Pontearreas ou Vigo. Ademais, a raíz da gran afluencia de xente que visistou as actividades do xoves do Festival -arredor dunha 2.000 persoas-, enchéronse todas as terrazas e os locais de hostelería próximos á Praza do Concello do Porriño e, durante a fin de semana, todos os negocios de hostelería de Cans estiveron ateigados ata ben entrada a madrugada esgotando, en diversas ocasións, existencias de comida e bebida.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Martín Carrera revalida vitoria no V Triatlón

O triatleta ponteareano Martín Carrera xunto a Cristina Torres lograron levantar a banderola de meta cuns tempos de 00:59:29 e 01:12:06 respectivamente.

O sábado 27 de maio celebrouse o V Triatlón Popular Porriño-Tui, que uniu as localidades do Porriño e Tui, con 220 deportistas inscritos. Esta proba popular, ano tras ano, move a gran número de participantes e ademais cun alto nivel competitivo, e iso a pesar de que esa fin de semana tamén hai unha proba importante na Coruña.

O triatlón comezou na localidade de Tui, coa celebración do segmento de natación (750 metros) no río Miño; o sector de bicicleta (20,2 quilómetros) realizase entre ambas localidades,

e o segmento de carreira a pe (5 quilómetros) descorreu polo casco urbano do Porriño. O remate foi na Praza Antonio Palacios.

A temperatura idónea, o trazado controlado e o estado da auga in Mellorable fixeron que este V Triatlón se convertera, nunha das mellores edicións da proba ata o momento.

O inicio da carreira abríase cunha importante novidade, xa que a primeira transición situábase este ano nas instalacións da Comandancia Naval do Miño, que ademais hoxe estaba de celebración no día das Forzas Armadas; motivo de máis para abrir as súas portas ao público. Tanto empeño pola súa banda fixo que a saída do auga fose espectacular, á vez que moi visible para os asistentes.

Dende o momento do bociñazo



inicial de saída, accionado polo Comandante Naval do Miño Enrique García, Martín Carrera comezou a facerse notar demostrando que o seu forte está na natación (Club Natación Riveira), posto que antes da chegada á boia que marca a volta, xa destacaba a metros dos seus compañeiros, cometendo a proba de auga en 09:14.

Tan só 10 minutos despois, saían as participantes femininas co segundo bociñazo, que non tardaron en coller o ritmo dos seus compañeiros atopándose incluso antes de saír de augas do Miño; de feito a gañadora absoluta feminina,

Cristina Torres, nadou os 750 m en 11:28.

No tramo de bicicleta, Martín protagonizou unha grande escapada, aínda que o corredor porriñés Xacob Agra, non quixo perder a oportunidade de chegar o primeiro á segunda transición e demostrarnos unha vez máis que non só despunta no mundo do motor.

Con todo, o ponteareano -que mañá tamén disputará o clasificatorio- volveu situarse na cabeza e lograba entrar en liña de meta cun tempo rebaxado de 10 minutos respecto da edición anterior; xa que nesta ocasión completou as tres probas en 00:59:29. En segunda posición facíao Fabián Ubeira Vidal (Asociación Deportiva C.A.), cun crono de 01:01:01; e o terceiro en pódium foi o triatleta local Víctor Alonso Saa (Club Atletismo Porriño), que se marcou un tempo de 01:01:15. Xacob Agra, chegou o 5º na xeral, pero


fixose co primeiro posto na categoría Veteranos, cun tempo de 01:02:40.

Na categoría absoluta feminina, a triatleta local María Martínez González (Club Atletismo Porriño) quedouse a 40 segundos de alcanzar a vitoria, que foi para a xa mencionada anteriormente Cristina Torres, que entrou en liña de meta cun tempo de 01:12:06. A terceira posición, cun tempo de 01:15:23, foi para Lydia Anna Xandra Adelin (A.D.Trip-Penta Terras de Lugo).

A entrega de trofeos correu a cargo do alcalde accidental do Concello do Porriño, Manuel Carrera; o concelleiro de Deportes de Tui, Laureano Alonso e o Comandante Naval do Miño, Enrique García. Todos coincidiron en eloxiar o tremendo esforzo e adestramento dos participantes, así como destacar a inmensa labor de todos os voluntarios e colaboradores.



Inaugurada a poesía visual 'Azabache' na fachada da piscina



O venres 9 inaugurouse o poema visual 'Azabache', do poeta e dramaturgo vigués David Fernández, poema que está xa na fachada da Piscina Municipal.

Os protagonistas foron as rapazas e rapaces de 5º e 6º de Primaria de todos os centros educativos do Porriño, cos que David Farnández levou adiante o seu Proxecto Caligrama 2000,

unha iniciativa que ten coma obxectivo achegar a poesía visual aos máis pequenos.

Dentro das múltiples e infinitas interpretacións da obra, 'Azabache' é, en síntese, unha reivindicación da infancia, a mocidade e, especialmente da nosa esencia ou autenticidade, un valor que contrasta totalmente coa superficialidade dunha parte importante da nosa sociedade", dixo o artista.

Aberta a inscrición para Porrigalia

As persoas interesadas en participar en Porrigalia 2017, que se celebra no Porriño, organizada polo Concello, os días 22 e 23 de xullo, xa poden entrar no portal web porrigalia.gal e inscribirse dentro dos 'Gremios' que estarán presentes na festa; integrar as Comparsas que desfilarán na mesma ou solicitar un dos postos que se abrirán nela.

En porrigalia.gal atópanse a 'Folla de incrición de Gremios' e as bases tanto de Participación de Comparsas como de Funcionamento dos Postos.

O PORRIÑO

Nova web municipal oporrino.org



Dende este sábado pasado, día 10 de xuño, está en funcionamento o novo portal web do Concello.

Entrando en www.oporrino.org as veciñas e veciños do Porriño poden consultar dende o seu ordenador, tableta ou teléfono móbil, toda a información municipal, dende os horarios dos servizos locais, pasando por ofertas de traballo de Porremprego, a organización institucional, licitacións, retribucións dos membros do Goberno local, novas de cada unha das concellerías, noticias sobre as parroquias, relacionada co turismo, coa educación, normativas legais relacionadas coa actividade municipal, teléfonos de interese, previsión do tempo ou enlaces coas redes sociais do Concello.

A alcaldesa subliña que a nova web cumpre co compromiso que adquirirá o Goberno local de eficiencia, transparencia e, sobre todo, seguridade. Eva García de la Torre lembra a situación de “falla de seguridade” na que se atopou os servizos informáticos do Concello, “que puxeron nun serio risco a información almacenada en eles” e o

“estado vergoñento dos servidores municipais” que estaban situados, literalmente, enriba dun váter.

Foi o labor de blindar a seguridade, para rebaixar ao mínimo a posibilidade de que se puidese entrar no sistema, ao que houbo que adicar unha grande cantidade de tempo, co obxectivo de que os datos estivesen protexidos tras unha estrutura sólida. Amais, fíxose un importante traballo para conseguir que o novo portal teña a axilidade e rapidez que demandan os usuarios.

Nos vindeiros días irán incorporándose melloras e novas funcións entre elas a posibilidade de que as veciñas e veciños do Porriño poidan facer dende a súa casa xestións tan habituais coma Certificados de Empadramento, Pago de Taxas e Impostos ou consulta de expedientes, contratos e licitacións en tempo real.

Para iso, subliña a alcaldesa, hai un acordo de colaboración, técnica e económica, coa Deputación Provincial que permitirá que o portal web do Concello incorpore todas as posibilidades e actualizacións da Administración Electrónica.

García de la Torre lembra que o Goberno local expuxo nun Pleno celebrado en outubro de 2015 a necesidade de aprobar unha partida orzamentaria para reformar todo o sistema informático e crear esta nova páxina web, “pero a oposición rexeitou a proposta votando en contra”, maila o cal este portal é hoxe unha realidade.

Web “a medio gas”, segundo o PP

O Partido Popular de O Porriño adianta que continuarán reclamando que se dispoña na web toda a información para garantir que “que non se vulnere o dereito á información dos veciños e veciñas”, pois o novo portal web habilitouse “a medio gas”. Lamentan que a nova web “omita o relativo a contratacións, convenios, transparencia, actas...” no tocante á transparencia, o portal municipal limitase a colgar os textos legais e non o contido, e tampouco figuran as licitacións, convenios, ordenanzas, nin os contratos menores. Para os populares é “unha web carente da información que se reclama e que debe poñer a disposición da cidadanía”.

Lembran, ademais, que a posta en marcha do portal web, tras dous anos fora de liña, coincide coa apertura de expediente por parte do Valedor do Pobo que, en resposta a unha reclamación do Partido Popular do Porriño, ven de requirir estes días ao Concello que nun prazo de quince días facilitara a información sobre os “problemas” que motivan que web estivera este tempo fora de servizo, ao entender que a queixa dos populares está xustificada.

Vías e obras comeza a reforma de 9 pasos de cebra



A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, empezará nos vindeiros días coas obras de realización e reforma de 9 pasos de cebra elevados na estrada PO-2405, Budiño-Cerquido-Casal, e na PO-242, de Porriño a Torneiros.

Os traballos dos novos pasos de cebra elevados, e a reforma e mellora dos existentes, xa están adxudicados, e a eles que hai que engadir a colocación dunha rotonda na PO-2405, “á altura do restaurante El Volante”, unha zona que, indica o concelleiro, “é de alto perigo”, e que estará rematada nuns meses, logo de que se tramitasen os correspondentes os expedientes de expropiación.

O concelleiro subliña que tanto a mellora e realización destes 9 pasos de cebra elevados, coma o emprazamento da rotonda faranse con cargo ao ‘Plan Móvese’, da Deputación, polo cal as obras terán un gasto de cero euros para os porriñeses.

Así mesmo, o organismo provincial ten xa enriba da mesa a solicitude do Concello para cambiar distintas beirarrúas e substituír as actuais, “que están desfeitas”, por outras de material liso, en formigón tinguido de cor, coma as de San Campio, de Porriño-Mosende e Porriño-Torneiros.

Paralelamente, e xa concluída a súa adxudicación, comezará a limpeza, pintado e arranxo de diferentes vías, pistas e estradas dependentes da Deputación, “en contra do difundido publicamente e sinalado no pasado Pleno por responsábeis do PP”.

Manuel Carrera asegura que “queda demostrado que mentiron ao asegurar que o Goberno municipal non fixera xestión algunha diante da Deputación, algo que xa é evidente e amosarase nas vindeiras semanas, o mesmo que o feito de que o Goberno local cumpre coa súa obriga: traballar para as veciñas e veciños do Porriño”.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Manuel Carrera e o conselleiro Francisco Conde tratan a posta en marcha de “importantes proxectos enerxéticos”

O concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, mantivo este mércores unha xuntanza en Santiago co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, para tratar distintos temas de interese para O Porriño.

Manuel Carrera informou ao conselleiro da presentación da solicitude de subvención para o un proxecto Rede de Calor ‘District Heating’, coa finalidade de instalar na contorna do Pavillón Municipal unha pequena ‘estación de biomasa’ que subministraría, mediante enerxía limpa, calefacción e auga quente ao mesmo pavillón e á piscina municipal, a o Centro de Saúde, os Xulgados, a sede da Tesourería da Seguridade Social, á Gardería A Galiña Azul, e aos edificios da zona, que teñan caldeiras de gasóleo ou gas, e que se accollen a este proxecto, proporcionando o calor e a auga quente por medio de ‘tubaxes preilladas’, “que irían soterradas ata cada un dos devanditos inmobles”.

O orzamento total deste programa, que xa se está a aplicar en noutros dous concellos de Galicia, entre eles o de Silleda, achegárase a 1 millón de euros, do cal a Xunta de Galicia achegaría o 80%,

un total de 800.000€, e o Concello do Porriño os outros 200.000, cantidade que, como subliña o concelleiro de Vías e Obras, “recuperárase en moi pouco tempo co aforro no subministro de enerxía, co cal, finalmente, sería a custo cero para os veciños”.

Carrera e Conde tamén repasaron todas as solicitudes de liñas de subvencións presentadas polo Goberno municipal que teñen un “obxectivo moi ambicioso” na mellora do alumeadado en todo o polígono de As Gándaras, no PPI-6 e PPI-7, con luces LED, “coa conseguinte redución nas emisións de CO2 e o aforro”.

Esta iniciativa suporía duplicar o aforro conquistado en 2016 e este 2017, uns 150.000€ e, nos vindeiros exercicios, chegar a unha rebaixa na factura do alumeadado municipal duns 600.000€ anuais, reducindo, ao mesmo tempo, a emisión de máis de 4.000 toneladas de CO2 á atmosfera.

Segundo sinalou Manuel Carrera, “o conselleiro amosou a súa satisfacción polo traballo que está a desenvolver o Concello do Porriño na mellora do Medio Ambiente”, como xa manifestara o



pasados mes de abril cando estivo na vila para ver as caldeiras de biomasa instaladas no Polideportivo Municipal e na piscina, e animou a seguir nesta liña de aposta pola sustentabilidade enerxética.

Por último, Conde comprometeuse a facer unha nova visita á vila, neste caso para manter unha xuntanza co Goberno Municipal sobre a problemática da des-localización de industrias, sobre todo de cara a Portugal, achegarse aos polígonos industriais, coñecer as súas necesidades polo miúdo, e amosar o seu compromiso coa industria porriñesa, unha das máis importantes de Galicia.

O Porriño solicita unha aula da UNED

O Pleno do Concello do Porriño aprobou solicitar ao Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) en Pontevedra que permita a apertura dun aula da universidade na vila.

Hai que lembrar que o pasado 16 de marzo a alcaldesa, Eva García de la Torre, xunto coas concelleiras de Educación, Lourdes Moure, de Emprego, Soledad Girón, a voceira do Grupo Municipal de Non Adscritos, Sabela Landín, e o presidente dos empresarios do Polígono de A Granxa, Indalecio Cuevas, mantivera unha entrevista coa directora da UNED de Pontevedra, Beatriz Rodríguez, para tentar de traer a O Porriño a devandita aula que, inicialmente, impartiría o Curso de Acceso á Universidade para maiores de 25 anos pero que, nun futuro próximo, en colaboración co Concello e os empresarios dos polígonos industriais, tendo en conta as necesidades de cualificación profesional dos mesmos, iríase ampliando a outras materias, con prácticas en empresas.

“A nosa prioridade é, dende que iniciamos este mandato, a xeración de emprego e o mellor xeito de facelo, como amosa a baixada das cifras do paro, é voltar a ollada aos polígonos

industriais que temos no Porriño e que empregan a milleiros de persoas”, subliña a alcaldesa.

Con esa intención, “e entendendo que a existencia dunha aula da UNED non debe de ser iniciativa dun so grupo político, senón que toda a Corporación amose o seu compromiso de xeito que o mesmo se manteña, goberne quen goberne, presentamos esta iniciativa”.

Eva García de la Torre lembra que é “imprescindible” poder ofrecer aos cidadáns “unha formación de calidade, que atenda as necesidades das empresas e que facilite que as porriñesas e porriñeses accedan á formación universitaria sen ter que desprazarse a Pontevedra, Tui ou Vigo”.

Con este obxectivo, este mesmo xoves, apenas 12 horas despois de que o Pleno aprobase que se solicite a instalación da aula da UNED, a propia alcaldesa, xunto coa concelleira de Educación, e o concelleiro de Urbanismo, Industria e Comercio, estivo visitando e considerando posibles localizacións para esta aula, localizacións que deben cumprir, característica principal a de poder medrar a medida que o faga o número de materias que se poidan estudar na mesma.

A CC.MM. de Atios denuncia o “estrago” causado polo Concello na fonte do Souto

A comunidade de Montes de Atios ven de denunciar ante a Confederación Hidrográfica e Medio Ambiente as obras acometidas pola concellería de Vías e Obras do Concello do Porriño na contorna da fonte do Souto, ubicada no lugar da Costeira, barrio do Rial, na parroquia de Atios. Unha obra que os comuneiños definen como “una auténtica chapuza que estraga todo o encanto natural do lugar” e da que descoñecen a súa urxencia, a súa utilidade e quen a demandou.

Persoal da concellería de Vías e Obras do Porriño e unha empresa supostamente contratada polo concello, levou a cabo obras na contorna da fonte do Souto. Según denuncian dende a comunidade de montes, nun principio estas consistiron na entubaxe e soterramento do regato que sae

da presa na que verte a fonte, para abrir alí unha especie de praza, pero a situación “agravouse” cando os operarios metéron as máquinas no sendeiro que da acceso á fonte, “desconfigurando por completo o lugar: cortaron as árbores que lle daban sombra e frescura ao manancial, desbastaron cunha excavadora un penedo que sostén o muro de terra natural e, por se fora pouco, mesmo tocaron no cano da fonte, colocando unhas pedras que impiden a saída da auga”.

Continúan explicando que “por se o estrago non lles parecera suficiente”, colocaron unha fileira de pedras, xuntadas con cemento, para elevar o muro rústico que hai dez anos construíra o propio concello

A xunta reitora da comunidade de Montes, ante a queixa dos ve-

ciños e usuarios polos danos causados na fonte, que consideran “un atentado medioambiental”, puxo esta situación en coñecemento tanto da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil como da Consellería de Medio Ambiente. “Non atopamos sentido a unha actuación así”, apuntan, “Era, porque xa non o é, unha das fontes mellor conservadas da parroquia. En tempos do goberno bipartito BNG-PSOE, o concello levava a cabo unha coidada restauración, limpando o manancial e protexéndoo cun muro rústico, sen cemento, que lle daba frescura e beleza ao lugar. Pero agora, estas obras, que non foron consultadas cos veciños, estragan por completo a paraxe. Descoñecemos por que o concello decidiu levalas á cabo e ignoramos se conta coas autorizacións correspondentes”.

Alumnos do Pino Manso recibiron o ‘Premio de Cooperativismo’ do Goberno de Galicia

O s alumnos e alumnas do IES Pino Manso recibiron o ‘Premio de Cooperativismo’ do Goberno de Galicia, pola realización dun mapa dixital de accesibilidade en cadeira de rodas a establecementos da contorna empregando as novas tecnoloxías.

O galardón, que vai acompañado dunha dotación económica de 1.000 €, forma parte da modalidade de actividades cooperativizadas, dirixida aos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial de Galicia.

Este concurso ten por obxecto potenciar e propiciar valores e principios que inspiran o cooperativismo como a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada.

Tras a entrega do galardón os estudantes poderán desfrutar da compañía teatral ‘Xarope Tulú’, que representou a súa obra ‘Cardume’, un espectáculo que combina a narración oral coa música en vivo, no que o público participa converténdose en ocasións en protagonista.

Asinado o convenio para o acondicionamento e humanización do nó de Sanguñeda

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, asinaron esta mañá no Concello un convenio de colaboración entre ambas administracións para o acondicionamento e humanización do nó de Sanguñeda. A obra, se realizará con financiación íntegramente autonómica, por algo máis dun millón de euros, e o Concello contratará e executará as obras, que se espera poidan iniciarse dentro do presente ano 2017.

Ao mesmo tempo, como paso previo á licitación da obra, o Concello ten asumido no pasado mes de abril a titularidade dos primeiros 160 metros da PO-329 (Sanguñeda-Torneiros), ata o límite co Concello do Porriño. Trátase dun tramo da denominada rúa Progreso incluído nas obras obxecto do convenio.

Xa se redactou un proxecto construtivo no que se definen as seguintes actuacións, que se



adaptan todas ás aliñacións urbanísticas vixentes, como son a execución de beirarrúas desde a glorieta das Angustias ata a da Costilleta; a reordenación da sección transversal nos accesos ás glorietas, reducindo as beiravías para incrementar o ancho das beirarrúas; e as beirarrúas da N-550 e da rúa Ramiranes, polas que descorre o Camiño Portugués, que se executarán con pedra granítica.

Así mesmo, levarase a cabo a creación dunha zona de aparcadoiro entre a rúa Ramiranes e a Avenida de Galicia; mellorarase a rede de drenaxe e a rede de alumeadado público; rehabilitarase o firme das vías, mediante fresado da rodadura e extensión dunha nova capa; e a sinalización, balizamento e varandas para protección de peóns, ademais de dotar de mobiliario urbano e xardinería.

Mos ampliará o paseo fluvial do Louro

O novo tramo da senda fluvial terá a dobre finalidade de mellorar e ampliar a ruta fluvial do Río Louro con criterios ambientais e de accesibilidade, e de poñer en valor o patrimonio natural (o propio río) e cultural (muíños) existente.

Tendo en conta estes obxectivos, a nova actuación, cunha lonxitude aproximada de 1 Km, permite prolongar a senda fluvial existente augas abaixo, entre o Camiño de Noveleda e o Camiño da Gata, cuxa lonxitude é duns 3 Km.

Para esta obra precisase do visto bo da Confederación Hi-

drográfica do Miño-Sil, administración supramunicipal na que o Concello de Mos está a xestionar permisos e financiación para poder acometer a actuación.

Os dous tratamentos que se empregarán no novo tramo da senda serán para as zonas con pendentes suaves chan estabilizado con ligante a base de calcín de vidro e reactivos básicos, tipo 'Aripaq terrizo', ou similar; e para as zonas con pendentes fortes e pouco espazo, recuperación de itinerarios peonís existentes con técnicas ambientais sustentables.



Alfonso Rueda, fixo a entrega oficial do escudo e da bandeira do Concello de Mos durante os actos centrais da Festa da Rosa



Foto Hernández

Na mañán do 13 de xuño celebráronse os actos centrais das Festas da Rosa na contorna do Pazo dos Marqueses de Mos. A partir das 10:00 horas e ata ás 12:00 horas estivo aberto o prazo de presentación de exemplares para os concursos de rosas e empanadas de pan de millo. Ás 11.00 horas oficiouse a Misa Solemne cantada pola Coral Novas Voces de

Celado-Cela, nunha eucaristía que este ano se celebrou na igrexa de Santa Eulalia de Mos, contigua ó Pazo de Mos; onde tiveron lugar os actos centrais da Festa da Rosa, por atoparse en obras o contorno do Concello.

A lectura do Pregón chegou ás 12.00 horas e correu a cargo do grupo mosense María Fumaça, quenes fixeron un repaso musical polas dez parroquias do mu-

nicipio conquistando a público infantil e adulto.

Pola súa banda, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e presidente da Xunta de Galicia en funcións por atoparse Alberto Núñez Feijóo de viaxe institucional en China, fixo a entrega oficial do escudo e da bandeira do Concello de Mos durante os actos centrais da Festa da Rosa, cuxa aprobación fóra publicada no publicado no DOG número 14. 2015/1/22 do 22 de xaneiro de 2015, pero que non fóran entregados de xeito oficial. Ambos símbolos municipais foron recibidos de mans de Alfonso Rueda por parte da alcaldesa mosense, Nidia Arévalo.

Tras a deliberación dos correspondentes xurados, fixéronse públicos os premiados nos dous concursos. Os vencedores do concurso de empanada de pan de millo foron Lara das Dores, premio á mellor presentación, e Ramón Alonso, ó mellor sabor, mentres que os

gañadores do concurso de rosas (presentáronse un total de 40 ramos participantes) foron Mercedes Cabaleiro Villar, 1º premio, Mónica Mayor Mera, segundo, e Conchi Campos Lorenzo, terceira.

Os actos matinais pecháronse cun concerto da Banda de Música Xuvenil de Torroso, que rematou tocando o Himno Galego. E mentres o público asistente

degustaba a empanada de pan de millo continuou a música a cargo da charanga Imperiais.

Na presente edición da Festa da Rosa destacou o rotundo éxito de afluencia, a pesar de ser martes, de que a climatoloxía non acompañase, xa que choveu durante practicamente toda a mañá, e de que os actos se trasladasen a unha ubicación diferente da habitual.



Alfonso Rueda con Mercedes Cabaleiro Villar, primeiro premio do concurso de rosas

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

O Caselas F.C. celebra 50 anos de historia

O 2017 é ano de aniversarios en Salceda, e un dos máis notorios vai ser sen dúbida o 50 aniversario do equipo de fútbol local: o Caselas Fútbol Club. O equipo naceu no ano 1967, dando continuidade ao "Salceda", que viña acollendo ata o de entón aos aficionados ao fútbol no municipio.

O Concello de Salceda traballa man a man coa Comisión encargada da organización deste aniversario, así como coa directiva do equipo para lograr un resultado conxunto que sirva de celebración para o evento. Así, por parte do Concello, entre outras iniciativas, estase a traballar na publicación dun libro que, da man do autor Xosé Ramón Paz Antón, fará un percorrido pola historia do fútbol no municipio.

Pola súa banda, un grupo de ex xogadores e ex directivos constituíron unha comisión de organización dos actos do aniversario. Esta comisión, que se encargara xa dos actos do 25º e do 40º aniversario, traballa no acto central, que terá lugar o sábado 1 de xullo. A xornada come-



zará con un acto de recepción e recoñecemento de antigos xogadores, directivos e adestradores, así como dos/as socios/as e os/as afeccionados/as. O acto terá lugar no mesmo campo da Gándara, onde a continuación se celebrará un partido amistoso entre as denominadas "vellas glorias" do Caselas. A festa completárase con un almorzo de confraternización nas Bodegas La Val (Arantei). As persoas interesadas poden reservar o seu prato no Bar Central.

Estes cincuenta anos lévanlle

dados momentos gloriosos ao equipo, como a clasificación para representar a Galicia no Campionato de España de Afeccionados, na tempada 1973/1974, que os levou a Santander para enfrontarse co Castro Urdiales, ou na tempada 1976/1977 cando se proclamaron campións da Segunda Rexional, ascendendo á denominada Serie A. Pero sen dúbida o momento máis importante para o equipo prodúcese no ano 1992, co ascenso a terceira división, categoría na que se mantivo ata o 2001.

A OMIX de Salceda desplázase ao IES Pedras Rubias



A Concellaría de Xuventude do Concello de Salceda, da que depende a Oficina de Información Xuvenil, está a realizar unhas sesións no IES Pedras Rubias para que o alumnado do centro coñeza de primeira man os servizos ofertados. A OMIX desplázase así ao propio instituto, onde os rapaces e rapazas de 2º, 3º e 4º reciben información da oferta da Oficina, ao mesmo tempo que trasladan as súas inquietudes e necesidades ao encargado da OMIX.

Nas charlas participan o encargado da OMIX, Humberto Rei, a Concelleira de Xuventude, Carla Pérez e o Alcalde, Marcos Besada.

Ademais de coñecer os servizos ofertados dende a OMIX, trasládaselles tamén informa-

ción sobre o CDL do Torrón, a Biblioteca, as actividades das Escolas Deportivas ou información como cursos, campamentos e outras actividades dirixidas á xuventude.

Por último, os alumnos e alumnas cubren un cuestionario onde se lles pregunta polo coñecemento dos diferentes servizos ofertados dende o Concello, así como polas actividades organizadas, animándoos a trasladar as súas demandas e suxestións.

Carla Pérez, Concelleira de Mocidade: "Achegamos o Concello aos máis novos, para que poidan coñecer de primeira man os servizos aos que poden acceder. Os rapaces amosaron o seu interese polas sesións, polo que estamos a obter un resultado moi satisfactorio".

O 18 de xuño celébrase a III Xtrema Soutelo



A Praza do Concello de Salceda de Caselas acolleu a presentación da III Xtrema Soutelo, unha proba absoluta cronometrada composta de un percorrido de 9 km., con diversos obstáculos que se celebrará o vindeiro 18 de xuño na Parroquia de Soutelo. No acto estiveron presentes o Alcalde Marcos Besada e a Concelleira de Deportes Carla Pérez, que arrouparon aos representantes da organización e aos representantes dos colaboradores da proba.

Tras o éxito acadado nos pasados anos, esta proba consolí-

dase con importantes cambios sobre todo no tocante ás probas, que serán cada vez máis atractivas e espectaculares. Trátase dunha proba de atletismo con obstáculos naturais e artificiais, que vai transcorrer polos montes comunais da parroquia de Soutelo. Estamos a falar dunha das primeiras probas destas características que se celebrou na provincia de Pontevedra. Os participantes deberán ser maiores de 16 anos (os menores de idade con autorización), e poden formalizar a súa inscrición a través de Galitiming ata o vindeiro 13 de xuño. As prazas

son limitadas. Dende a organización recomendase a roupa de manga longa para participar na proba. A proba terá lugar ás 11:30, comezando coa entrega de dorsais aos participantes ás 10:00 no Centro Cultural do Borrallíño (Soutelo).

Fran Morais, representante da Organización, destacou os servizos con que conta a proba: avituallamento, zona de duchas, agasallos para os participantes... Así mesmo agradeceu a implicación do Concello e os demais colaboradores "sin os cales sería totalmente imposible sacar adiante este evento".

Salceda inicia unha campaña en torno aos alérxenos

As Concelleiras de Educación e Consumo do Concello de Salceda de Caselas, Tere Pérez e Loli Castiñeira, veñen de recibir a un grupo de nais de nenos e nenas con problemas de alerxias e intolerancias alimentarias. Este grupo de nais trasladoulle ás concelleiras a súa preocupación polo descoñecemento xeral de todo o relacionado con este problema, e polas trabas que se atopan no día a día dos seus fillos e fillas en ámbitos tan diversos como poden ser os colexios ou os establecementos hosteleros.

As nais que prantexaron esta reunión fixérono en nome dun grupo mais amplo de pais e nais, co obxectivo funda-

mental de dar a coñecer a súa situación, e sobre todo de conseguir unha maior visibilización do problema, que desembogue na súa absoluta normalización. Así pois, pretenden constituír un grupo o máis amplo posible de persoas afectadas por estas intolerancias e alerxias, para poder poñer en marcha accións de sensibilización e difusión sobre as mesmas. Tanto as nais como as concelleiras animaron a tódalas persoas afectadas por esta situación a que se poñan en contacto co grupo ou co mesmo Concello, para así ir constituíndo unha agrupación que represente a maioría de salcedenses nesta situación.

TUI

Correos presenta en Tui a súa web sobre o Camiño de Santiago

Correos presentou esta mañá en Tui a súa web www.elcaminoconcorreos.com na que se recolle información detallada de cada unha das etapas que conforman o Camiño Portugués a Santiago dende Tui ata Compostela. Amais do trazado de cada etapa, tamén oferta información sobre albergues e outros aloxamentos así coma dos teléfonos de interese. Nesta web Correos informa dos servizos que presta ao peregrino coma transporte de mochilas en cada etapa, de bicicletas ata o lugar de partida ou dende a Santiago ata o lugar de orixe, entre outros.

A presentación correu a cargo do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, do director de zona de Correos, Ángel Pérez, e do xefe de reparto da oficina de Tui, Francisco López.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, felicitou a Correos por esta iniciativa, que contribúe tamén á promoción do Camiño Portugués. Destacou, nunha nova ocasión, a importancia que o Camiño Portugués ten en e para Tui salientando que é “un dos elementos que nos singulariza”.



O director de zona de Correos, Ángel Pérez, que este mesmo domingo comezará en Tui o Camiño Portugués a Santiago, explicou que a web non vai so dirixida aos peregrinos senón tamén a todos aqueles establecementos que ofertan servizos aos peregrinos. Trátase de facer máis cómodo o camiño ao peregrino e ao tempo de ofrecer un valor engadido. O xefe de reparto de Tui Francisco López, lembrou que na Oficina de Correos contan cun mataselos especial da Catedral para selar a credencial do peregrino, e constatou que cada vez se rexistra maior demanda no transporte de mochilas por etapas, que de Tui a Santiago ten un

prezo de 24€.

A web www.elcaminoconcorreos.com recolle tamén en cada etapa o consello dos carteiros locais. No caso de Tui M^a José Uris recomenda aos peregrinos a visita ao Parque Natural do Monte Aloia.

O tramo de rúa entre Ordóñez e a Corredoira ten carácter residencial



O tramo de rúa comprendido entre a rúa Ordóñez e Paseo da Corredoira ten carácter residencial tal e coma indica o sinal instalado nos últimos días. Isto significa que neste vial teñen preferencia os peóns sobre os vehículos. Nesta zona aplícanse regras especiais de circulación, de tal xeito que

os vehículos non deben circular a máis de 20 km/h e os condutores deben dar prioridade aos peóns.

A instalación deste sinal obedece as características deste tramo de rúa que atravesa a zona de paseo na Corredoira polo que camiñan polo mesmo un importante número de peóns.

A sede electrónica do Concello está xa en funcionamento

A sede electrónica do Concello de Tui está xa operativa dende hai uns días polo que os cidadáns poden realizar distintos trámites coa administración local dende esta plataforma sen ter que desprazarse presencialmente á casa do concello. A sede electrónica está accesible no enderezo <http://concello.tui.sedelectronica.gal/info>. O ou a través do enlace dispoñible en www.concello.tui.org.

A sede electrónica do Concello de Tui está xa operativa dende hai uns días polo que os cidadáns poden realizar distintos trámites coa administración local dende esta plataforma sen ter que desprazarse presencialmente á casa do concello. A sede electrónica está accesible no enderezo <http://concello.tui.sedelectronica.gal/info>. O ou a través do enlace dispoñible en www.concello.tui.org.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

BODEGUILLA PULPERIA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

TODOCONDADO

www.todocondado.com

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO.S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TOMIÑO / O ROSAL

O ministro de Administración Territorial de Guinea Bissau visita Tomiño



O ministro da Administración Territorial da República de Guinea-Bissau, visitou Tomiño, dentro do programa de actividades que leva a cabo o Fondo Galego de Cooperación (FGC), do que é socio o Concello de Tomiño desde hai varios anos.

Acompañado por varias autoridades do seu goberno, o ministro asistiu onte en Compostela ás xornadas “Os retos da cooperación municipalista na consecución dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)”, organizadas polo FGC, co fin de analizar o papel chave no cumprimento das metas fixadas pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030.

O Concello de Tomiño ofreceuse hoxe ante o Fondo Galego de Cooperación e a delegación ministerial de Guinea Bissau, a acoller técnicos deste país e de outros asociados, que queiran aproveitar as experiencias en desenvolvemento local nas que traballa o municipio.

O ofrecemento fíxoo a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, durante a recepción oficial brindada esta mañá á delegación africana.

Nun primeiro momento, o goberno recibiu aos visitantes no salón de plenos, onde a alcaldesa aproveitou para darlles a benvida e comentarlles as características do concello, as bases da súa economía, a estreita relación con Portugal e as políticas de cooperación transfronteirizas con Vila Nova de Cerveira.

Pola súa banda, o ministro Sola Naquilin Nabitchita, agradeceu a boa acollida, e lembrou a finalidade principal da visita: lograr apoios, obter información e formación en relación ás iniciativas de desenvolvemento local impulsadas desde o ámbito municipal, para logo tentar aplicalas no seu país. Segundo precisou o rexedor guineano, “o Fondo Galego de Cooperación pode ser a punta de lanza para un intercambio fluído entre pobos galegos e africanos”.

Tras asinar no libro de honra do Concello e recibir un agasallo típico galego, a delegación foi conducida ao mercado municipal, onde puido visitar os distintos postos e falar cos praceiros e praceiras.

A visita finalizou co convite a un pequeno almorzo, no propio mercado.

Avances no Saneamento en Raxidouro, Pazos e A Val

O Concello de Tomiño continúa levando a cabo obras de saneamento, tanto nos núcleos de Tomiño, coma nas parroquias, dentro da que vén sendo a cuarta de cinco fases.

O 13 de xuño rematou o prazo de licitación de obras por un importe superior aos 250.000 euros, nos núcleos de Raxidouro, Pazos e A Val, da parroquia de Santa Mª de Tomiño. A intervención permitirá dar servizo a unhas 60 vivendas, que manifestaron o seu interese por engancharse á rede municipal.

Outra das parroquias nas que se realizarán obras de saneamento é Carregal (barrio Carregal de Abaixo). O custe das mesmas, ascende aos 200.000 euros, cos que será posible servir a unhas 50 vivendas. O prazo para presentar licitacións pecha o día 26 deste mes.

Por último, están a rematarse as obras realizadas ao longo de 250 metros en Forcadela, beneficiando a outras cinco vivendas.

A intervención nos barrios do núcleo urbano de Tomiño, estase levando a cabo en cinco fases, dando servizo a un total de 166 vivendas, sen contar as que se realizarán en breve.

Estas novas accións veñen a sumarse ás que se fixeron meses atrás en A Rocha, Camiño Novo, e Pazos Lameira, cun investimento superior ao millón de euros, procedentes de fondos propios e da Deputación Provincial (Plan Concellos 2017).

Asemade, están pendentes de licitación obras de saneamento por importe de 210.000 euros, en Sanomedio (Vilachán), dentro do Plan Concellos 2018.

Obras nas pistas de tenis do Mosteiro

O Concello de Tomiño emprende esta semana obras de reparación e mellora das pistas de tenis e pádel situadas na Área Deportiva do Mosteiro, a carón do colexio público Pedro Caselles Beltrán.

A intervención consistirá en arranxar, pintar e outras obras de mantemento, de cara ao verán; época do ano na que se produce un aumento considerable na utilización das instalacións, públicas e gratuitas, e nas que ademais se imparten os campus de tenis e pádel durante os meses de xullo e agosto.

O concelleiro de Deportes, Ismael



Troncoso, pide desculpas polas posibles molestias ocasionadas e explica que as melloras son necesarias para asegurar condicións de seguridade e calidade de uso para os usuarios.



Acto Informativo



“Un proxecto para O Calvario, por un Rosal con futuro”

Martes 20 de xuño

20:30 h

Baixos do Concello do Rosal

Intervenien:

-Ánxela Fernández: portavoz municipal do BNG

-Uxío Benítez : deputado provincial de mobilidade e tenente alcalde de Tomiño

máis info en: bng.gal

TOMIÑO

Cerveira-Tomiño presentados como exemplo de mobilidade sustentable en cooperación transfronteiriza

A Unidade de Misión para a Valorização do Interior (UMVI), de Portugal, concedeu a Bandeira "Vila de Excelência - Nivel II" a Cerveira polo seu traballo cooperativo

A Coordinadora da Unidade de Misión para a Valorização do Interior (UMVI) de Portugal, Helena Freitas, reiterou, onte en Vila Nova de Cerveira, "a exemplar estratexia encetada por dous concellos de dous países" e que, cos novos proxectos en perspectiva, "só engadirán maior dinámica e valor a este territorio común". As declaracións foron feitas durante o izado da Bandeira "Vila de Excelência - Nivel II" a Cerveira-Tomiño.

Nunha cerimonia simple, mais cargada de simbolismo, o municipio cerveirense, e por extensión, o seu homólogo tomiñés, viu recoñecido pola Rede de Cidades e Vilas de Excelência, o meritorio traballo desenvolvido en prácticas innovadoras nos eixes da mobilidade e da rexeneración de ámbito transfronteirizo.

Afirmando a importancia do río Miño e da implementación de políticas ambientais, o primeiro edil cerveirense, Fernando Nogueira, afirmou que a cooperación transfronteiriza entre Cerveira e Tomiño ten crecido sostidamente, mais coa ambición

enfocada no paso seguinte. "Recentemente foron aprobadas dúas candidaturas no Interreg V A, unha da Axenda Estratéxica da Amizade Cerveira-Tomiño, e outra para o proxecto de ampliación do Parque Transfronteirizo Castelhino-Fortaleza con cerca de 20ha, que inclúe o proxecto da travesía peonil e ciclável sobre o río Miño, e que fará a conexión deste espazo. Esta bandeira é o recoñecemento dos nosos proxectos", explicou Fernando Nogueira.

Pola súa banda, a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, su-

bliñou a intensificación da cooperación transfronteiriza "conseguída os últimos anos, con varios mecanismos para desfronteirizar cada vez máis os territorios". A rexedora reiterou a implementación do concepto de mobilidade sustentábel "a través do tren, a Ponte da Amizade, a futura travesía peonil, e o aproveitamento común de recursos e equipamentos".

Á súa vez a Paula Teles, da Rede de Cidades e Vilas de Excelência, eloxiou o traballo desenvolvido por Vila Nova de Cerveira. "Ter dous territorios de dous países distintos a traballar en prol do mesmo obxectivo é innovador na nosa Rede. É preciso mudar mentalidades en prol destes conceptos e este é un bo exemplo", asegurou.



Novas axudas as traídas de auga

Apasada semana remataron as visitas efectuadas a 34 Comunidades de Usuarios ou traídas de augas, do Concello de Tomiño, co fin de coñecer de primeira man, a través de conversas coas directivas e a observación directa, a situación e necesidades de cada instalación.

O Concello de Tomiño ten ha-

bilitada unha partida de aproximadamente 50.000 euros, que se manterá durante varios anos e que será investida en melloras relacionadas coas fases iniciais do proceso de provisión de auga de consumo, fundamentalmente a mellora das captacións e dos depósitos. "O obxectivo do Concello é apoiar a estes sistemas de xestión colectiva tradicionais

para que poidan cumprir a normativa vixente en materia de auga de consumo. O cumprimento da normativa é preciso tanto para garantir unha adecuada calidade do servizo, como para a renovación das concesións ante parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e así garantir a supervivencia destes sistemas tradicionais e colectivos de xestión", explica M^a Xosé Vázquez, concelleira de Medio Ambiente.

O Concello de Tomiño estrea nova identidade gráfica e renova a web



Alcaldesa, Sandra González, presentou o novo logo do Concello, deseñado por Xosé Teiga, no que están representados conceptualmente os trazos máis característicos do municipio, coma por exemplo, o río Miño, as persoas, a ponte internacional e a relación con Vila Nova de Cerveira; o medio natural, a paisaxe, a economía... "Todo isto constrúe graficamente unha identidade propia e unha marca contemporánea, moderna e definida".

A nova web municipal, que integra tamén a nova imaxe, supón un cambio substancial na presenza dixital do Concello, cunha páxina atractiva, actual, limpa e sinxela para o usuario.

Entre as melloras técnicas que supón o novo portal municipal, é de salientar o feito de estar aloxada con tecnoloxía SSD de alta velocidade, o que axilizará o seu uso aínda con conexións a internet limitadas.

Ademais, optimízase a adaptación da páxina a dispositivos móbiles, tendo en conta a tendencia crecente dos usuarios a navegar con tablets e smartphones.

Por outra banda, o xeito de amosar e organizar os contidos cambia totalmente, mudando a unha estrutura máis sinxela e intuitiva, e polo tanto máis

accesible para as veciñas e veciños.

Coa nova web o Concello reforza a súa presenza en redes sociais e multiplica as canles de comunicación cidadá, co fin de achegar cada vez máis a Administración Local á cidadanía.

Tal e como destacou a alcaldesa, a publicación da nova web non é o final dun proceso, senón o primeiro paso na mellora da presenza dixital do Concello de Tomiño nas redes sociais (Facebook, Instagram, Flickr, etc.). "Unha web que nos vindeiros meses creará da man da cidadanía, é dicir, que seguirá crescendo nas vindeiras semanas, e a poboación participará neste proceso, xa que se habilitará un buzón dixital de suxestións para que veciñas e veciños, fagan chegar as súas opinións, reclamacións e propostas".

A alcaldesa de Tomiño referiuse, asemade, a dous aspectos moi importantes para o goberno. A elaboración da nova web faise coincidir coa implementación da administración electrónica no Concello, que en breve, comezará a funcionar. Ademais, o novo portal incorpora un "Xestor de Incidencias", que permitirá, cando comece a funcionar, unha xestión máis eficaz e coordinada das incidencias que se producen no municipio.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Dous días de Festa Castrexa no Trega

A segunda edición da Festa Castrexa da Garda suma un novo día a súa programación. Así, nesta ocasión, serán dúas as xornadas, as do 24 e 25 de xuño no Monte de Santa Trega, organizadas pola Asociación Veciñal das Parroquias da Garda, o Concello da Garda e a Deputación de Pontevedra. A invitación para asistir caracterizado conforme ás vestimentas castrexas é outra das novidades deste ano.

Esta festa, unha das poucas da súa tipoloxía que se celebran en Galicia, poñerá ademais en valor a riqueza arqueolóxica da contorna de Santa Trega, un dos xacementos máis destacados das Rías Baixas. Deste xeito, coa intención de consolidar e converter a Festa Castrexa nun referente, o programa de actos presenta unha completa proposta que integra tradición, música, percorridos pola zona ou rutas dacabalo, entre outras accións.

Programa

O sábado 24 iniciarase, ás 11.00 horas, coa apertura do recinto, na que se darán cita artesáns e postos de gastronomía tradicional que estarán instalados ata o domingo. Ás 12.30 horas, actuarán os grupos A Boalleira e Do Lusco ou Fusco. Xa



pola tarde, será a quenda do grupo O Trebón dos Xidos, que dará paso á lectura do pregón por parte do decano da prensa local Ricardo Rodríguez Vicente. Os grupos Folk Lareira e Tanto nos ten animarán a noite.

Ao día seguinte, o domingo, actuará o grupo de gaitas da terceira idade da Guarda. Para as 11.00 horas, está prevista ademais a saída da segunda ruta dacabalo e, unha hora máis tarde, iniciarase unha serie de xogos populares -petanca e Birlos Celtas- mentres actúa o grupo portugués Manuk. Durante a tarde, poderase asistir a unha actividade de talla de madeira con motosierra así como a novos xogos populares e ás actuacións de Vento Mareiro, Xamaraina,

Coiro Vello, Carainas e Manuk.

Monolito á sociedade de montes de Santa Trega.

Por outra banda, na rolda de prensa de presentación deste evento celebrada no Pazo Provincial, a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, anunciou a firma dun convenio co Concello da Guarda para a instalación dun monólito en recordo ao labor da sociedade de montes Santa Trega, creada a principios do século XX. Elaborada polos alumnos da Escola de Cantería da institución provincial, a peza instalarase na Praza do Reló da Guarda para lembrar ao colectivo que, entre outras accións, impulsou a creación do Museo Arqueolóxico Monte Santa Trega (MASAT).

Campamento urbano 2017

O Concello da Guarda informa que a apertura do prazo para o campamento urbano de verán será dende o día 1 ata o 21 de xuño.

As actividades van dirixidas a nenos e nenas de 3 (ano natural de nacemento 2013) a 12 anos, que prioritariamente, estén empadroados na Guarda ou que o pai/nai traballe no noso municipio.

Os principais obxectivos destas actividades son: ofrecer unha alternativa lúdica e educativa aos rapaces e rapazas no tempo

libre do verán e axudar aos pais e nais a conciliar vida familiar e laboral.

O campamento desenvolverase durante o mes de xullo de luns a venres de 9 a 14 horas e terá un prezo de 60€ por praza.

As solicitudes e as bases de inscrición poderanse obter na OMIX ou na web municipal.

O PSOE pide inversións para a Vía de Altas Prestacións



Os Socialistas da Guarda consideran inadmisíble que a Xunta de Galicia siga mantendo incomunicado o Baixo Miño ao non aportar tan sequera prazos para o remate da Vía de Altas Prestacións entre A Guarda e Tui, o que demostra a situación de esquecemento a que San Caetano somete a comarca. Nas propias verbas do Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, onte no Rosal, a un medio de comunicación local (preguntado sobre os prazos para o tramo entre Tui e Goián), recoñeceu que aínda non teñen prazos tan sequera para poder aproximar unha data.

Como ven declarando nos últimos meses, Antonio Lomba, Alcalde de A Guarda seguirá insistindo co resto de concellos para que se comece a traballar: "Isto demostra o escaso interese que o Partido Popular demostra para esta imprescindible infraestrutura da nosa comarca, que obriga a desprazamentos máis conxestionados e inseguros. Parece que non teñen en conta que sen a V.A.P. a comarca segue adocendo. Votan a favor aquí nos concellos e logo en Santiago deixan morrer

nun caixón o proxecto, como eles mesmos recoñecen."

O grupo do PSdeG no Parlamento de Galicia ven de presentar nos Orzamentos da Comunidade para este 2017, dúas emendas para incluír dotacións no proxecto. A primeira de 8 millóns de euros para o tramo I e II da V.A.P. e a segunda para o acceso a Areas de 400.000 €. Ambas botadas atrás polos votos do PP, o que demostra a dobre vara dos conservadores, opoñéndose e negando a maior a gran necesidade que ten a comarca.

Abel Losada, deputado socialista por Pontevedra recoñece que: "non esconden tan sequera o desinterese. Ca negativa de incluír esa emenda, perdemos unha oportunidade máis de rematar ese tramo que conecta mellor a comarca ca cidade referencia que é Vigo. Non só por unha cuestión monetaria senón por comezar a traballar e ter o compromiso da administración autonómica. Os Socialistas xa tiñamos a sensación de que a VAC non era prioridade para a Xunta nesta lexislatura, pero agora xa o pódemos demostrar con feitos, por exemplo, 41 votos en contra nesa votación."



0 Mecalía Atlético Guardés gaña a Liga nacional de balonmán feminino



A Guarda celebrou ao grande o éxito do seu equipo Mecalía Atlético Guardés, que fixo historia ao conquistar por primeira vez a liga Loterías de balonmán feminino ao gañar ante o seu público, que abarrotou o pavillón municipal da Sangriña, ao KH-7 Granollers por 27-20.

O Mecalía Atlético Guardés, adestrado por José Ignacio Prades, dependía de si mesmo, xa que unicamente tiña que sumar un punto ante o KH-7 Granollers para gañar o título. As visitantes, en cambio presentaron unha gran resistencia na primeira metade, mesmo sen Laura Steinbach convocada. De todos os xeitos, o conxunto galego re-

montaba ao termo da primeira parte e foise ao descanso con vantaxe. Tras un tempo morto e un cambio a defensa 5:1, o Guardés deixou ver o balonmán que lle levou ata a súa maior proeza: defender forte e correr, con África Sempre bordándolo nas dúas facetas e o binomio Doiro-Espiñeira dominando os ataques. O segundo tempo foi un paseo no que a afección da Sangriña gozou como nunca dunha festa histórica que se palpaba sobre o parque.

A afección guardesa saíu do pavillón da Sangriña e percorreu as rúas da vila ata chegar ao porto. A fonte de Os Mariñeiros quedou pequena para acoller aos afeccionados e xogadoras do Guardés,

que se deron un baño de multitudes.

O equipo da Guarda, que este ano cumpre 50 anos, conseguiu o segundo título de Liga do balonmán galego, 55 anos despois que o lograra a Sociedade Deportiva Hípica da Coruña.

Co seu novo título, as xogadoras do Atlético Guardés xogarán unha clasificatoria para a Champions League de balonmán e, ademais, disputarán a Supercopa de España co equipo gañador da Copa.

Cara a vindeira tempada incorporáranse ao club xogadoras como Naiara Egozkue (Zuazo), Jenifer Gutiérrez (Málaga), Marta Méndez (Cleba) e Carla Gómez (Mavi).

Carmela Silva recibe ás "heroínas"

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, recibiu no Pazo provincial á directiva, ao equipo técnico e ás xogadoras do equipo de balonmán Atlético Guardés, que veñen de alzarse co título de campioas da División de Honor de Balonmán, a máxima categoría da súa disciplina. No encontro, no que tamén estiveron presentes o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, maila deputada e concelleira da vila Montse Magallanes, a presidenta provincial asegurou que "a Deputación de Pontevedra vai levar adiante, con medios propios, a redacción do proxecto para a ampliación do pavillón da Sangriña", isto é, as instalacións municipais que emprega o equipo.

Carmela Silva resaltou que "este é un feito histórico", xa que é a primeira vez que o Atlético Guardés se fai co primeiro posto desta Liga, e resaltou que "ademais nunha vila de menos de 10.000 habitantes como é A Guarda, o que me fai sentirme moi orgullosa de todas vós".

Como colofón do encontro, Carmela Silva fixo entrega ao club dunha placa conmemorativa do seu título e, ademais, a presidenta provincial recibiu unha camiseta asinada por todas as xogadoras do club.



VAL MIÑOR

Nigrán adhírese ao proxecto 'Ciudad Ciencia'

O Concello de Nigrán ven de adherirse a 'Ciudad Ciencia', un proxecto de divulgación científica do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Obra Social "la Caixa" cuxo fin é que os habitantes de localidades de tamaño medio coñezan de primeira man a actualidade científica e tecnolóxica de xeito ameno e sinxelo. Nigrán pasa a formar parte, deste xeito, da corentena de municipios de toda a península que dende marzo de 2012 se foron unindo a este proxecto.

"A partir dunha serie de indicadores territoriais, educativos, sociais e culturais seleccionaron Nigrán como candidata a formar parte deste rede de 'Ciudad Ciencia' e aceptamos inmediatamente a proposta ao tratarse dunha oportunidade única de promover entre a veciñanza o interese pola Ciencia, Tecnoloxía e Innova-



ción", resume o alcalde, Juan González.

'Ciudad Ciencia' achegará actividades de divulgación científica en múltiples formatos (exposicións, conferencias, visitas a centros de investigación, etc.) que se incorporan á programación cultural e educativa de Nigrán, así como unha gran variedade de obradoiros creados por investiga-

dores do CSIC que poderán ser presenciais ou online. Ademais, haberá actividades que faciliten a interacción e o diálogo cos científicos e as científicas (charlas, clubs de lectura, talleres, etc.) e sempre que sexa posible, a programación tratará de responder ás demandas que os veciños fagan chegar ao proxecto a través do Concello.

Zurumalla presenta "Camiño por ti" en Gondomar

O Instituto de Estudos Miñoráns presentará o vindeiro venres 16 de xuño ás 20:30H o segundo traballo do grupo musical Zurumalla " Camiño por ti". Composto por Patri González: Pandeireta, pandeira e voz, Carlos Sabariz, "Pelouro": Bombo, Suso Comesaña: Gaitas, saxo so-

prano e voz, Juan Comesaña, "Viti": Tamboril, Nacho Álvarez: Acordeón e voz, Bieito Lobarinas: Gaitas, cunchas, pandeireta e voz. O acto terá lugar na sede do IEM (Aula de Cultura Ponte de Rosas, Avda. Da Feira , 10 baixo. Gondomar) e será presentado por Xilberte Manso de la Torre.



Foto: Rosana Calvo

Sarrade e Amorín, novos Campións Galegos de A Dos

A bordo do Fend la Bise, Jean Claude Sarrade e André Amorín convertéronse nos novos Campións Galegos de A Dos tras vencer na competición organizada polo Monte Real Club de Yates por delegación da Federación Galega de Vela.

Sarrade, que chegaba á regata con aspiracións de revalidar o seu título como Campión Galego de Solitarios, viuse obri-

gado a última hora a buscar un tripulante para poder competir en A Dos, xa que o premio de Solitarios non chegou a disputarse por falta de barcos. O experimentado patrón subiu a Amorín ao seu Fend la Bise e xuntos, lucindo grímpola do club organizador, lograron a vitoria da competición patrocinada por Inserimos Energía.

Levaron, ademais, a copa do III Memorial Rafael Olmedo e

fixéronse, tamén, co ouro da clase A Dos-1, deixándolle a prata a outro habitual nos podios de vela en Galicia, o Bosch Service Solutions do Club Marítimo de Canido. Con Ramón Ojea á roda e Pablo Franco completando tripulación, o Bosch foi en segunda posición durante toda a regata, superado unicamente polo Clínica Gaiás, que se mostrou imbatible en tempo real.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Voto de louvor ao Desportivo de Monção



Por proposta do presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, o executivo municipal aprovou, em sessão camarária, um voto de louvor ao Desportivo de Monção extensível à direção, equipa técnica e jogadores pela conquista da Taça da AFVC.

Augusto de Oliveira Domingues, que ontem recebeu a equipa no Museu do Alvarinho para um brinde à conquista do troféu, enalteceu o feito desportivo alcançado pelo Desportivo de Monção e agradeceu o empenho, dedicação e sacrifício de todos nesta brilhante vitória.

“É um orgulho tão grande que é difícil traduzi-lo em palavras.

As manifestações de alegria vividas ontem e as imagens que ficam para a posteridade revelam que os monçanenses sentem o clube e vibram com as suas vitórias. Parabéns aos campeões. Viva o Desportivo. Viva Monção” sublinhou

O autarca monçanense lembrou ainda que a entrega dos votos de louvor será realizada numa cerimónia pública em data a anunciar. Disse: “Neste momento, estamos a saborear esta extraordinária conquista para o Desportivo e para Monção. Dentro de dias, vamos reunir e acertar uma data para a entrega dos diplomas”.

Nesta final realizada no Estádio Lourenço Raimundo, o Des-

portivo de Monção derrotou o Cerveira nas grandes penalidades (5 - 4), após empate a uma bola nos 120 minutos. A taça veio para Monção depois de no ano passado, no mesmo local, a ter deixado escapar para o Atlético dos Arcos, também na marcação de grandes penalidades.

Uma partida difícil com um resultado justo perante um adversário que engrandeceu ainda mais a nossa vitória. À chegada, os jogadores fizeram a festa no Chafariz da Deu-la-Deu. Depois foram recebidos no Museu do Alvarinho pelo Presidente da Câmara Municipal para um Alvarinho de honra. Copos ao alto e brindes por uma conquista que fica na história do clube.

Caminha para Conhecer Monção

A Câmara Municipal de Monção retoma a iniciativa “Caminha para Conhecer Monção” com a realização de seis trilhos pedestres entre os meses de junho e outubro. O primeiro percurso “Trilho da Cova da Moura”, em Cambeses, realiza-se no dia 17 do corrente, sábado, com início às 9h00.

A participação é gratuita, contudo, para efeitos de seguro, é necessária a respetiva inscrição. Informações através dos seguintes contactos telefónicos: 934 440 770 ou 916 531 313. Inscrições através da internet no link: <https://goo.gl/NBZj6D>.

No dia 8 de julho, decorre o “Trilho de Santo António de Vale de Poldros”, em Riba de Mouro, oportunidade para ver as cardenhas (habitações típicas das brandas) e os poldros (cavalos pequenos) em plena liberdade. O “Trilho das Pescueiras”, na Bela, no dia 12 de agosto, remete-nos para o bu-

colismo fluvial.

Em setembro, dia 17, decorre o “Trilho Pé de Lombo” pelas inspiradoras e exuberantes paisagens de Riba de Mouro. No último mês, outubro, estão previstas duas caminhadas: “Trilho Caminho dos Mortos”, no dia 14, e “Trilho da Carvalheira de Abedim”, no dia 29.

O primeiro “destapa” vestígios de um passado orgulhoso com passagem por caminhos ladeados por pedra, moinhos ou mamôas. O segundo revela-nos um património paisagístico singular, pontuado por refúgios naturais e tranquilizadores. Qual o melhor? São os dois bons.



Valença dá mais apoio a doentes oncológicos

Valença vai ter uma delegação da Liga Portuguesa Contra o Cancro. A Câmara Municipal de Valença assinou um protocolo, para a implementação deste projeto, com esta entidade, 8 de junho, no auditório da Biblioteca Municipal.

Esta nova delegação vai proporcionar aos doentes oncológicos e às famílias uma nova estrutura de apoio, em Valença, com várias valências.

De entre os novos serviços destacam-se as consultas de psico-oncologia, direcionadas para os doentes oncológicos, fa-

miliares e cuidadores. Para o efeito a delegação terá uma Unidade de Psico-Oncologia com consultas gratuitas.

A delegação de Valença contará, ainda, com um Banco de Ajudas Técnicas para cedência de cadeiras de rodas, andarilhos,

camas articuladas, próteses entre outros equipamentos.

O novo núcleo vai implementar, também, ações de sensibilização junto da comunidade, para a prevenção e deteção precoce das diversas patologias oncológicas.



Férias divertidas verão 2017

A Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, em colaboração com a autarquia local, promove, de 26 de junho a 7 de julho e de 10 a 21 de julho, das 9h00 às 12h00 e das 14h00 às 17h00, as “Férias Divertidas Verão 2017”, cujos destinatários são crianças com idades compreendidas entre 6 e 12 anos.

As inscrições, entre 13 e 22 de junho, podem ser efetuadas no Balcão Único de Atendimento, Casa do Loreto, encontrando-se limitadas a 40 crianças, 20 por cada grupo. O valor por criança é 30,00 €, sendo que, no caso de irmãos, desce para 20,00 €.

Durante as “Férias Divertidas verão 2017”, com duração de dez dias úteis para cada grupo, estão previstas diversas atividades lúdicas em diferentes locais do nosso

concelho e visita ao Museu do Traje e Museu de Artes Decorativas de Viana do Castelo.

Além de atividades desportivas e jogos tradicionais, o programa engloba workshops de cabeçudos, escultura, cerâmica, pintura, bem como técnicas de impressão e tingimento de lã, têxteis e t-shirts. Os participantes têm ainda a oportunidade de aprender a confeccionar rosas.

Esta iniciativa, inscrita no plano de ação da Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, tem como objetivo assegurar o preenchimento dos tempos livres das crianças de uma forma entreteida, pedagógica e segura, oferecendo às crianças dias preenchidos e saudáveis e aos pais um espaço ideal para deixar os seus filhos durante o período laboral.

MISCELANEA

Ponte...nas ondas! premiada polo seu labor a prol do patrimonio común

A Fundación Peña Novo vén de fallar a XXIII edición dos premios pola defensa e promoción da lingua galega. Ponte...nas ondas! é o colectivo premiado ao lado de Xurxo Mariño e de Sandra Piñeiro nos seus respectivos ámbitos.

Ao mesmo tempo, Ponte...nas ondas! impulsa xunto con máis de 50 asociacións de toda Galicia a Rede do Patrimonio Cultural, unha plataforma que porá en valor o noso patrimonio común con Portugal.

PREMIO PEÑA NOVO

O vindeiro 29 de xuño, ás 19.30 hs. Ponte...nas ondas! recibirá o premio Peña Novo pola labor desenvolvido ao longo de dúas décadas a prol do patrimonio inmaterial galego-portugués.

O xurado valorou a contribución de Ponte...nas ondas! na dinamización e transmisión do patrimonio no ámbito educativo e cultural a través da radio, Internet, as novas tecnoloxías e as redes sociais.

Destaca tamén o xurado o achegamento a diversos sectores sociais a partir das comunidades de portadores que transmitiron os seus coñecementos nas aulas e nas actividades de dinamización realizadas por todo o territorio da Eurorrexión.

Tamén se recoñece no galardón o traballo realizado por antropólogos, filólogos e investigadores de Galicia e do Norte de Portugal arredor de



Participantes na Rede do Patrimonio Cultural, en Bonaval

Ponte...nas ondas! para que a asociación fose recoñecida pola UNESCO como ONG consultora para o patrimonio inmaterial.

A transmisión da lingua, e do seu patrimonio, ás novas xeracións é o labor que o xurado valora especialmente pola súa importancia no momento actual de perda de uso nas idades máis novas.

No acto de entrega dos premios actuará o grupo Luar na lubre e contará coa asistencia do Conselleiro de Educación e Cultura, o Secretario Xeral de Política Lingüística e o Deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra.

NA REDE DO PATROMIO

Ponte...nas ondas! está impulsando xunto con máis de 50 entidades a Rede de Patrimonio Cultural de Galicia. Unha rede que nace coa vontade de colaborar na defensa do noso patrimonio cultural e na posta en valor das súas expresións e manifestacións.

A súa constitución tivo lugar o pasado sábado 3 de xuño no Museo do Pobo Galego onde 33 asociacións presentes ratificaron o acordo fundacional da Rede.

A Rede servirá coma un instrumento de axuda e unha ferramenta de difusión das actividades de todas as asociacións e entidades que participan dela e tamén para promover ac-

cións e campañas en defensa do noso patrimonio cultural en ámbitos institucionais, sociais e territoriais.

A Rede tamén apoiará campañas que non só se subscriban á Galicia territorial, senón tamén campañas que abran outros espazos, coma o norte de Portugal ou as zonas fronteirizas de Asturias e de Castela e León. Neste senso, dará apoio a iniciativas como a de Ponte...nas Ondas! relacionadas co patrimonio común galego-portugués.

Ponte...nas ondas! realizou a XIII edición da súa xornada de radio interescolar baixo o lema Na Rede do patrimonio en 2007.

Concerto do Quinteto de Metais Ad Libitum em Cerveira

O Concerto do Quinteto de Metais Ad Libitum insere-se no programa "Sons no Caminho", no âmbito da candidatura "Valorização dos Caminhos de Santiago – Caminho Português da Costa", promovida pelos Municípios do Porto, Maia, Matosinhos, Vila do Conde, Póvoa de Varzim, Espinho, Viana do Castelo, Caminha, Vila Nova de Cerveira e Valença.

Porque os Caminhos de Santiago representan, em termos musicais e históricos, uma tradição de 12 séculos, o repertório proposto pelo quinteto para o concerto desde sábado, no interior da Castelo de Vila Nova de Cerveira, é uma viagem no tempo, entre ambientes sonoros de várias épocas – da música antiga à música contemporânea.

O Quinteto de Metais Ad Libitum é um grupo de metais com créditos firmados. Fundado na década de 90, tem uma vasta experiência em atuações em locais históricos, tendo protagonizado vários concertos em programas de grande prestígio como foi o caso dos Sons da História.

O concerto em Vila Nova de Cerveira está agendado para este sábado, 17 de junho, às 21h30, no interior do Castelo, com entrada livre.



CONFITERIA ANCLA

TELÉF.: 986 64 18 74

CTRA. RIBADETEA

BARRIO PUENTE

PONTEAREAS - PONTEVEDRA

ROSQUILLAS Y MELINDRES



MONÇÃO

Corpo de Deus / Festa da Coca 2017

O povo recolhe-se nos momentos religiosos e anima-se nas iniciativas mais descontraídas. Este ano, entre 14 e 18 de junho, as festas concelhias prometem encher o centro histórico e revitalizar a atividade comercial. O mo-

mento alto será a procissão solene e o "combate" entre S. Jorge e a Coca, na quinta-feira, dia 15. Que o cavaleiro do reino esteja à altura e ganhe o "combate" para termos bom vinho Alvarinho nas adegas e nas mesas.

O Corpo de Deus/Festa da Coca decorre entre 14 e 18 de junho. O programa, como habitual, reserva um conjunto variado de iniciativas recreativas e solenes com acentuada componente religiosa. O objetivo, como sempre, é trazer gente ao concelho, proporcionando a dinamização dos setores ligados à restauração e hotelaria.

O programa "abre" na quarta-feira à noite, dia 14, pelas 21h30, com Noite de Fados, no Largo de Camões, conhecendo, no dia seguinte, quinta-feira, feriado nacional e municipal, dois dos momentos mais marcantes destas festividades: Eucaristia e Procissão Solene do Corpo de Deus e tradicional "combate" entre S. Jorge e a Coca.

O dia começa com entrada dos grupos de bombos de Pias e de Mazedo (9h30), arruada da Coca (10h00) e entrega de condecorações e títulos honoríficos a cidadãos e instituições de mérito, cerimónia que decorrerá no Cine Teatro João Verde (11h00).

Este ano, a proposta da comissão de parecer para cidadão de mérito/medalha de prata recaiu em Amílcar Vasques Dias, compositor e pianista. Com o título de serviços distintos/me-

dalha de ouro serão distinguidos José Miguel Dantas Rodrigues, músico da Banda Musical de Monção, e Agostinho Rodrigues Roquinho, músico da Banda Musical da Casa do Povo de Tangil, ambos com 50 anos de atividade nas referidas filarmónicas.

Como instituições de mérito serão reconhecidas quatro empresas/associações: Foto Ideal, Lda (medalha de ouro), com 100 anos de atividade, e o Centro Social, Cultural e Recreativo das Freguesias de Messegães, Valadares e Sá, o Coca Hipermercados, Lda, e a Rádio Ecos da Raia (medalha de cobre), as três com 25 anos de atividade.

A Fanfarra Deu-la-Deu de Monção "entra" pelas 16h30, seguindo-se a Eucaristia e Procissão Solene do Corpo de Deus (17h00), o espetáculo S. Jorge e a Coca (18h30) e o tradicional combate entre S. Jorge e a Coca, no anfiteatro do Souto (19h00). Que o cavaleiro do reino esteja à altura e ganhe o "combate" para termos bom vinho Alvarinho nas adegas e nas mesas.

O terceiro dia de festa, sexta-feira, está dedicado aos alunos do pré-escolar com o ateliê "A Coca vai à escola", entre as 9h00 e as 16h00, nos

estabelecimentos de ensino. À noite, pelas 22h00, o programa compreende atuação do Grupo Paralelos, na Praça Deu-la-Deu Martins.

No sábado, o dia começa pelas 11h00 com a entrega de prémios do Concurso de Escrita "Era uma vezo poeta João Verde", na Biblioteca Municipal de Monção. Pelas 15h00, tem lugar o desfile pelo centro histórico das bandas participantes no Festival Internacional de Bandas Filarmónicas que decorre pelas 21h30, na Praça Deu-la-Deu Martins.

Este ano, a organização pertence à Banda Musical da Casa do Povo de Tangil. Pelas 18h30, realiza-se a III edição da Coca in Festa com concertos de grupos emergentes na cena musical. O dia termina, pelas 23h30, com espetáculo de fogo-de-artifício.

O último dia das festividades, que todos os anos encaminha milhares de pessoas à Terra de Deu-la-Deu, Alvarinho e Termas, está inteiramente dedicado ao cortejo etnográfico das freguesias, Com início às 16h00, percorre as ruas do centro histórico num verdadeiro repositório dos usos e costumes da população monçanense.



MISCELANEA

I. Sobre un deus en azul

Fun tomar unha tapa con Casares. Primeiro pasei pola de Libraida de Gondomar para escoitar o que dicía Villalaín sobre *Deus sentado nun sillón azul* (Galaxia, 1996). Foi moi comedido, limitouse a debuxar o contexto histórico, centrándose en especial na forte presenza de Berlín e da cuestión alemá no desenvolvemento do relato.


Comentou que, segundo algúns, tratábase da mellor novela de Casares, pero que el, como eu, tiña varias e a concreción variaba en función da que estivese a ler, ou da que nese momento lle viñese ao maxín. Esta cuestión carece de importancia. O que é evidente é que se trata dunha gran novela, sexa ou non a mellor de Casares, mesmo sexa de Casares ou non. Dixo tamén que era “a máis seria”, e despois matizou “ou a que menos humor ten”. Tamén podo coincidir, aínda que dun relato de Casares, mesmo dun tan breve como calquera das miles de tiriñas de *Á marxe*, sempre se desprende un sorriso irónico, unhas veces compracente, led, contento... noutras, pola contra, apesado, triste, mesmo amargo ou quizais perverso, como querendo escaravellar no ollo de alguén.

Deste último humor cabrón hai un

chisco no *Deus...*, en especial nas descrições das persoas que non son do agrado daquel homiño, esmirrado de corpo, agoniado na procura da grandeza, do heroico, do acougo dos sentimentos, da perfección do espírito.

Aínda rin un pouco, con riso de coello revirado, cando describe a Gerda, aquela moza da que se fixo amigo en Berlín e que se debería parecer á impulsiva amante da que se lembra Tobío nas súas *Décadas...* pero ausente, falo de memoria, no *Mitteleuropa* de Risco. Os tres, Risco, Tobío e “el”, o protagonista, coincidiron no Berlín da República de Weimar en 1930. Da da tal Gerda dicía que era unha cousa parecida a unha becerriña solta no medio dun prado. Non foi menos deferente cunha amiga que coñecera antes que a “ela”, a voz que narra, e que sen ser fea tiña un peito descomunal tal como se levase un paquete ou un repolo debaixo da blusa. Desta, unha tal Cuca Acevedo, afirma que parecía unha galiña tanto pola maneira de andar, cambaleando para os lados, como polo costume de mover a cabeza arriba e abaixo como se estivese a petear no millo ou a beber auga.

Noutro momento detense na descrición dun alemán do que non gustaba. Un tra-



sunto do maragato don Celidonio, protagonista d’*O porco de pé*. O teutón era un tipo de cara ancha e colorada, de fronte estreita e boca de lagarto, cos beizos como tomates maduros e que cando ría agarraba a barriga cunhas mans pequenas

e gordechas que, en tres dos dedos, portaban uns aneis apertados que os convertían en chourizos.

Claro que a narradora tampouco se queda atrás ao describir o home narrado, o seu vello amor, cuns ollos tan miopes que lle lembraban a mirada boba, máis cómica que triste, dun becerro e que aquel punto de luz que lle saía do fondo dos ollos, cando se incomodaba, era da mesma natureza que a viscosidade branca e mol dunha ostra, e que a boca de ra, estreita e grande, non era máis que unha fenda aberta na cara e rodeada por un rebordo grimoso de carne.

Despois fun escoitar as lecturas das tiriñas de *Á marxe* e manducar a enxeñosa tapa da “Galiña do Ardora” cunha folla de en-

divia chea de pasta de queixo azul, unha enorme buguina de pasta que agochaba un ovo de paspallás e todo polvillado con coco tinguído de azul.

Unha tarde agradábel.

Venres 26 de maio de 2017

II. Quen inspirou o deus azul

Falabamos o outro día de que fun tomar un pincho con Casares tras o comentario de Villalaín sobre *Deus sentado nun sillón azul*. Sempre me interesou a figura de Risco e a súa influencia, absoluta, no nacionalismo galego de entreguerras; a súa longa sombra, en parte, presente nos primeiros pasos do Partido Galeguista e, mesmo, o seu eco nas formulacións máis radicais, en termos identitarios, do nacionalismo galego contemporáneo cando se esquece do vector social, determinante tanto para comprenderse a si mesmo como para explicar a súa limitada influencia política nas últimas catro décadas.

É evidente que Casares non quería que o seu personaxe se confundise con Risco, por iso o cita polo seu nome en dúas ocasións. Máis tamén é evidente que tanto o contexto espacial como unha lectura, nin mesmo moi sutil, da novela e, en especial, a descrición física do protagonista do relato, encamiñanos cara a Risco. Por iso cando nunha conversa, gravada e publicada, lle preguntamos abertamente se Risco era a fonte inspiradora do seu personaxe, Casares respondeunos á galega: “si e non”, pero “hai un parecido”.

Casares pretendía reflexionar, como dixo Villalaín o outro día, sobre como é

posible que unha persoa culta, formada, por moi conservadora que sexa, poida chegar a xustificar ou mesmo apoiar e participar dos horrores que desencadeou o fascismo, en especial, o nazismo. Para iso, díxonos naquela conversa, tiña dous persoeiros que o poderían inspirar. Un era Risco, pero corría o perigo de facer un retrato demasiado humano dunha persoa á que coñeceu, tratou e admirou e da que descubriu o seu pasado máis tarde. O outro era Carl Schmitt, a quen trataría, pero pouco, e que lle caía moi antipático. Así que este último serviu de modelo pero, como é obvio, pasado pola peneira dunha cidade, Ourense, e da figura que personalizaba o intelectual local.

Comentounos Casares aquel día a súa opinión de Risco, a quen coñecera sendo un bacharel e participara no seu célebre faladoiro xunto con outros mozos ourensáns. Casares cualificouno de “extremadamente conservador”, aínda que non en todo, xa que en asuntos de arte era moi vangardista. Para os “artistiñas”, Risco era máis contemporáneo que Otero a quen vían como un home serio, en exceso antigo. Contrasta esta opinión coa que nos deu, en síntese, hai anos Tobío; de Risco dixo “todo nacionalismo ten o seu carlismo”, mentres que de Otero afir-



mou “demasiado culto para ser conservador”; Tobío e Risco coincidiron en Berlín en 1930, un pouco antes de que o protagonista da novela de Casares residira na capital alemá.

Seguindo coas opinións de Casares

sobre o autor de *Mitteleuropa* -outro día falaremos de Schmitt-, o autor de *Deus...* non coincidía coa visión de Piñeiro que, ao igual que os galeguistas do grupo Galaxia, difundiu unha versión benévola dun Risco humanamente feble, premido polo medo...; seica dicía Piñeiro que debería recoñecerse nas constitucións o dereito a ter medo, medo físico, medo ás mulleres...

Cando Casares chega a Santiago e escoita como os máis novos cualifican de “traidor” aquel home que el admiraba, púxose a pescudar no seu pasado e mesmo pretendeu falar con el, pero xa estaba enfermo e morreu (1963). Casares foi descubriendo os horrores de Risco e afirmou que se o que escribiu sobre os xudeus o fixese en Ale-

maña e en alemán non teríamos esa visión condescendente con el; Risco tiña un pensamento fascista e casaría moi ben cun Primo de Rivera ou Benito Mussolini.

Domingo, 28 de maio de 2017

III. O tal Schmitt

En varias entrevistas Casares afirmara que precisaba momentos, circunstancias, feitos, persoas que dalgunha forma coñecera para construír os seus relatos. Hai uns días comentamos o que nos dixeran en referencia a *Deus sentado nun sillón azul* (Galaxia, 1996) e prometíamos volver sobre o personaxe inspirador, Carl Schmitt, a quen Casares trataba, aínda que pouco, e lle caía moi antipático.

Unha amiga preguntáanos como coñecía Casares o xurista alemán. Pois por dúas sinxelas razóns. Primeira porque o Kronjurist do III Reich, tras saír “ben parado” do xuízo de Nuremberg, reconverteuse en lexitimador-apoloxeta do franquismo e, en segundo lugar, porque a súa filla Ánima Schmitt casara cun profesor compostelán de Historia do Dereito, Alfonso Otero Varela, entre os universitarios da altura coñecido como Margarito. Tras os xuízos anti-nazis Schmitt foi expulsado da universidade e durante os anos cincuenta a presenza do xurista nas terras de A Maía foi constante ata o punto de que a versión en español das súas memorias da catividade (entre 1945-1947) *Ex captivitate salus* publicouse na librería-editora compostelá Porto, en 1960, traducida pola súa filla e cun pró-

logo do propio autor asinado en Casalonga, á beira de Compostela, en 1958.

Será en Santiago onde entrará en contacto co tamén xurista, na altura catedrático na universidade compostelá, Álvaro D’Ors, un carlista tradicionalista sobre o que exercerá unha forte influencia. Máis será Manuel Fraga, director na altura do Instituto de Estudos Políticos, quen lle argallou a célebre conferencia tras o recoñecemento como membro de honra do amentado instituto, pronunciada na sede central madrileña do partido único “Movimiento Nacional” o 21 de marzo de 1962, e que Manolo Rivas renova no capítulo “Unha festa sagrada”, en *Os libros arden mal* (Xerais, 2006).

O 13 de xullo de 1934 Hitler, nun discurso radiado, xustificaba a matanza (sobre cen persoas) e a máis de mil detencións na chamada “Noite dos coitelos longos” dicindo: “Nesa hora eu era o responsable da sorte da nación alemá, así que me convertín no xuíz supremo do pobo alemán”. Estaba a aplicar a teoría do Kronjurist Schmitt, do “decisionismo”, do exercicio da soberanía como a capacidade de decidir no estado de excepción, da competencia de suspender a constitución en caso de emerxencia, de

conculcar as leis para salvar o ben común, de exercer a ditadura para librarnos do perigo, da ameaza, do caos.

Schmitt foi “xurista oficial” entre 1933 e 1936, xusto cando Hitler distinguíu, en aplicación das ideas schmittianas, quen era “amigo” e quen “inimigo” e converteu a inimidade no centro da acción política, da loita, da polémica, que exclúe toda caste de colaboración, de debate, de crítica e de acordo, porque a guerra é a única verdade incontrovertíbel da realidade social. Hitler non só eliminou os seus contrincantes dentro do Partido Nazi, entre outros a Rohm o líder das SA, senón que aproveitou para desfacerse dos conservadores que lle deran o seu apoio como chanceler.

Escribiu Zweig no seu *O mundo de ontem*: “Hitler que, em si, era um pouco avesso as ideias alheias, possuía no entanto, desde o início, o instinto de se apropriar de tudo o que poderia vir a ser útil aos seus objetivos pessoais” e engadía: “A técnica utilizada pelo nacional-socialismo foi sempre a de conferir un

fundamento ideológico e pseudo-moral aos seus instintos claramente egoístas de poder”.

Na súa etapa compostelá Schmitt substituíra o caos da república de Weimar polo caos da II República e a orde imposta por Hitler pola acción salvadora de Franco, que aínda que máis humilde sobrevivía.

Este era o tal Schmitt. Para Casares, un ser inhumano que non podía ver reflectido en Risco.

Por certo tamén, previa peñeira de Chantal Mouffe, algúns

ditos da esquerda ándano a propagar, mesmo portando os seus libros nun Congreso dos Deputados que aínda, por fortuna, non é o Reichtag de 1934. Tamén no parlamentiño do Hórreo, o presidente Feijoo recorre, con reiteración, a afirmar que o acto político por excelencia é a decisión. Lonxe quedan conceptos como convenio, concertación, lei, control do executivo, predominio do legislativo...

Luns, 5 de xuño de 2017

<http://pedogalinheiro.blogspot.com>



Pablo Iglesias amosa un exemplar de *Teoría del partisano* de Carl Schmitt

An advertisement for 'Pompas Fúnebres del Condado' (Funeral Homes of the County). The background is a sunset over a body of water with mountains in the distance. In the foreground, two funeral homes are shown: 'Arbo' on the left and 'Ponteareas' on the right. Both buildings have signs that say 'TANATORIO'. A large, stylized '50' logo is in the top right corner, with the text 'Pompas Fúnebres del Condado' and 'desde 1964' below it. The word 'Gracias' is written in a cursive font in the top left corner.

A delegación da Xunta en Madrid dedica un relatorio á figura do Conde de Gondomar no IV Centenario do seu nomeamento

A conferencia correu a cargo do catedrático de Lingua e Literatura Española Fernando Bartolomé Benito



A Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia acolleu esta tarde a conferencia “O Conde de Gondomar no seu IV Centenario”, con motivo do cuarto centenario do nomeamento de Diego Sarmiento como primeiro Conde de Gondomar por Felipe III, e o 450 aniversario do seu nacemento, que pronunciou o catedrático de Lingua e Literatura Española Fernando Bartolomé Benito.

A presentación realizouna o coordinador de Actividades Ramón Jiménez, en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega. Nas súas palabras, Jiménez destacou do orador que é especialista neste personaxe histórico sobre o que realizou novos achados que incluíu no seu último libro, titulado Gondomar versus Raleigh, e subtitulado El águila hispana vence al dragón inglés e no que está baseado o relatorio. Tamén é autor de varias novelas históricas, entre as que citou Disuelta en humo, sobre a Guerra Civil española; Amadís, sobre Amadís de Gaula, o héroe cabaleiro; El enigma del cofre de sándalo, sobre o asasinato de Prim; e Matar a un rey, sobre Gracián na Corte de Felipe IV. Aínda que é no conde de Gondomar no que centra máis a atención, pues a él ladicoulle outros títulos como Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, el Maquiavelo español; El rosal quebrado. Andanzas londinenses del Conde de Gondomar; e Relación breve y apasionada de la vida y hechos de don Diego Sarmiento Acuña. Capitán de

Bayona. Conde Gondomar. Gobernador de Galicia.

Pola súa banda, o profesor iniciou a súa disertación lembrando a feliz coincidencia de que foi tal día como hoxe, cando D. Diego Sarmiento recibiu o nomeamento no ano 1617, tamén martes e 13, data xa por entón considerada infausta polo que asiñouse ao día seguinte.

Tamén relatou varios “chascarrillos” que os ingleses volveron a publicar sobre o Conde, considerado por moitos como “o mellor informado da Inglaterra da época”. Nun deles, contou que hai “dous tipos bebendo nunha taberna e un dille ao outro, tran-

quilo, home, xa me podes contar o teu segredo que non se vai a decatar o embaixador Sarmiento”, en alusión á fama que tiña de decatar de todo, mesmo sobre todos o detalles da Armada Invencible. O outro, é do grupo humorístico Monty Piton, figurando que están nunha sesión do parlamento entra un heraldo que a grandes berros di “Xa se foi o embaixador de España, en Inglaterra xa ninguén espera á Inquisición Española e todos comezan a bailar como tolos pois a súa fama era que ameazaba ata ao mesmo rei”.



La Sala con parte del público que asistió a la conferencia sobre el conde de Gondomar

Como investigador, nos últimos anos Bartolomé Benito logrou atopar novos testemuños sobre a vida de Sarmiento que “aínda que non varían taxativamente o seu rumbo, si botan luz sobre momentos puntuais da súa existencia”, como o texto de Antonio e Francisco de Sotomayor que escribiron sobre as pelexas entre os grupos de raparigos contra os do pobo veciño; e que tamén lle gustaba percorrer as casas, “de lareira en lareira” para escoitar as historias de “diaños, moínantes e preñadas”.

Sábese que D. Diego trabóu amizades curiosas. Cun vello mariñeiro alcumado “Ou Coriso” e cun vello fidalgo “D. Victorino”, que “servira en Italia, África e Flandes, onde fora asistente de Juan de Austria”. “A pericia de Gondomar logrou botar a Inglaterra nos brazos de Francia”, dixo e mostrou un dos seus achados máis prezados, un precioso gravado asinado por Samuel Pass, Gravador Real de Jacobo I, nun nobiliario inglés, e no que se baseou o concello de Gondomar ao facer o deseño para a conmemoración do 400 aniversario.